

A covid repunta na mocidade e deixa a Sarria en alerta por un gromo activo

Sarria mantense nestes momentos como o único Concello en alerta na provincia de Lugo e está nesta situación debido a un intenso gromo que se estendeu por un contacto familiar. Os contaxios subiron rapidamente achegándose aos 80 pero nas últimas datas o gromo parece controlado e os contaxios descenden, especialmente polas altas. Aínda así a situación non está controlada de todo e Triacastela e Láncara sufriron tamén as consecuencias de seren localidades de pouca poboación xa que con menos de dez casos estiveron preto das restricións. **Pax. 9**

Volve a actividade cultural

As vilas de Samos e Triacastela preparan a celebración das súas festas e feiras trala celebración do San Xoán de Sarria, que tivo que modificar o programa



Co bo tempo os concellos e as asociacións comezaron a preparar actividades como campamentos de verán, concertos e festas. O obxectivo é poder ter un verán o máis normalizado posible no que a veciñanza poida desfrutar da vida cultural pero sempre tendo en conta os protocolos e recomendacións sanitarias. Malia que o brote de coronavirus golpeou a vila no peor momento, as festas de San Xoán seguiron o seu curso e foi o espello no que se miraron os concellos da comarca para programar as súas celebracións, como Samos e Triacastela, que preparan a Festa do Turismo e a do Peregrino.

sarria. A CHMS presenta o proxecto da EDAR e os veciños piden aclaracións. **Pax. 7**

láncara. Unha familia pide axudas para persoas con enfermidades raras. **Pax. 12**

triacastela. O PSOE denuncia a falta de sanitarios no centro de saúde. **Pax. 12**

samos. Unha exposición abre a programación cultural. **Pax. 14**

páramo. A construción do anfiteatro está a piques de iniciarse. **Pax. 164**

o incio. Álvaro Pereiro é o escultor e fundador do Museo de Pedra. **Pax. 15**

paradela. O Concello recibe 96.000 euros para rehabilitar a vella escola. **Pax. 16**

Sociedade Cultural A Unión



Pepe Quiñoá é o novo presidente do colectivo. **Pax. 6**

Voceiro popular no Concello de Sarria



Juan Antonio García explica a situación política. **Pax. 8**

Museo do Campo e a Locomoción



Marcos Vázquez, responsable do Muvicla. **Pax. 19**

Láncara invita a Garzón á feira da Tenreira Galega

O alcalde de Láncara, Darío Piñeiro, dirixiuse ao ministro de consumo, Alberto Garzón, para trasladarlle o seu desacordo coas declaracións feitas sobre o consumo deste produto e convidouno a ache-

garse o próximo ano á feira de Tenreira Galega, para coñecer de primeira man a realidade do sector e a calidade da carne que se produce nesta zona así como facerlle chegar unha degustación. **Pax.9**

GASOLEOS RUXIDOIRA S.L.
Distribución a Domicilio: Automoción, Agrícola y Calefacción

SERVIMOS EN 24/48 HORAS
Tfno. para pedidos 982 541 308
Móvil: 679 489 663
info@ruxidoira.es
Ctra. Pacios a Treboelle s/n Paradela

SARRIA

Sarria presenta a actividade de verán Aventura no Camiño

Sarria presenta a actividade deportiva de verán Aventura no Camiño 2021 que se celebrará durante os meses de xullo e agosto en catro quendas. A primeira, xa en marcha, lévase a cabo ata o 16 de xullo, a segunda do 19 ao 30 de xullo, a terceira do 2 ao 13 de agosto e, finalmente, a cuarta do 16 ao 27 de agosto. En canto ao horario será de 9.30 a 14 horas e as actividades desenvólvense nas instalacións deportivas do Concello de Sarria.

O campamento está dirixido a nenos e nenas de entre os 12 e os 17 anos -nados do 2004 ao 2009- e terán un prezo de 8,86 euros por quincena e por actividade.

As actividades que se atopan dentro da programación son: rutas de sendeirismo -Camiño de Santiago e a ruta das Aceas-, xogos sensoriais -O camiño dos Sentidos: ruta sensorial-, xogos deportivos, técnicas vivac e xeocachinag, xincanas, multiaventura (orientación e slackline), búsqueda do tesouro pola vila, obradoiro medio ambiental e actividades acuáticas (kaiak, paddel surf e xogos acuáticos).

Os formularios de solicitude



de praza para actividades deportivas deberán ser presentados en horario de 9 a 14 horas no rexistro do Concello de Sarria ou na sede electrónica do mesmo. Así pois, estes formularios están dispoñibles na páxina web www.sarria.es e en formato impreso na Oficina Municipal de Información Xuvenil (OMIX) ou no rexistro do Concello de Sarria.

As prazas son limitadas, polo que serán adxudicadas por rigorosa orde de presentación de solicitudes no rexistro do concello o na sede electrónica: sarria.sedelectronica.es

Segue avanzando o programa da homenaxe a Matías Moreno

O programa dos actos que se celebrarán o día 20 de agosto como homenaxe a Matías Moreno, desaparecido o pasado mes de decembro, vaise concretando aos poucos. A xornada de homenaxe terá un ambiente o máis festivo posible, celebrarase nos locais da Unión e estará dividida en dúas partes. Pola mañá, a partir das 11h, terán lugar os coloquios sobre a figura do artista e viaxeiro, a cargo de persoas que coñecen de primeira man cada unha das súas distintas facetas, desde a fotografía á escalada, pasando pola música, as viaxes ou a poesía. Ademais inaugurarase unha exposición fotográfica e

a primeira sesión musical a cargo de grupos folk. Pola tarde, a partir das 17 h, terán lugar os concertos, para os que xa hai apuntadas máis de 15 bandas colaboradoras.

A organización dará a coñecer os nomes concretos das persoas e grupos que intervirán, tanto nos coloquios como nos concertos, cando se peche todo o programa para evitar continuas rectificacións, dado o elevado número de colaboradores que se ofreceron. No caso dos músicos, unha maioría son ex alumnos de Matías, que foi quen lles facilitou o seu primeiro achegamento á guitarra e á cultura da música popular.

A vila contará co seu primeiro festival de narración oral

Chega NarraSarria, o primeiro festival de narración oral e contacontos que nace na vila de Sarria. Unha actividade que levará oito espectáculos ás rúas da vila durante os domingos de xullo e o primeiro de agosto. O festival está impulsado pola compañía Feira do Leste e conta coa financiación do Concello de Sarria.

O Malecón, a igrexa de Santa Mariña e a praza da vila son os espazos onde os máis pequenos e adultos poderán desfrutar de historias e contos da man de profesionais de recoñecido prestixio da narración oral galega como Ernesto Is, Lorena Pinheiro ou Cris de Caldas.

A apertura de programación foi o domingo 11 de xullo da man do actor Santi Prego, nomeado ao Goya no 2020 como mellor actor revelación polo seu papel en *Mientras dure la guerra* de Alejandro Amenábar.

O seguinte domingo, o 18 de xullo, Ernesto Is entreterá ao público máis novo coa contada titulada Historias fascinantes de nenos e nenas delirantes. Será no Malecón ás 12.30 horas. Lorena Pinheiro traerá historias, contos e faladurías acompañada da súa pandeireta en Seica (Historias contadas de vergoñas, silencios e rebeldías), unha peza para mozos e adultos. Neste caso a cita será na praza da vila ás 20.00 horas.

O agasallo das árbores, de Cris de Caldas e Xabi do Camiño, unha sesión de contos que ten como fío condutor o conto dos tres porquiños e a concienciación medioambiental. Esta proposta familiar vén acompañada de música en directo e poderá desfrutarse o domingo 25 ás 12.30 horas no Malecón. Ás 20.00 horas na igrexa de Santa Mariña estará Cris de



Caldas con Contos en lila, unha proposta familiar pola igualdade.

O domingo 1 de agosto, Nerea Brey contará para os máis pequenos ás 12.30 horas no Malecón. Lúa e o tesouro do hórreo recolle as lendas galegas da man dunha rapaza moi bulideira que está na busca dun tesouro. Pechará o festival Iván Davila cos seus Contos na lareira, unha proposta para cativos de máis de 3 anos. Será na praza da vila ás 20.00 horas. Todas as actividades son de balde e non precisan reserva. Así mesmo, cumpríranse cos protocolos covid garantindo a distancia de seguridade entre o público e os contadores.



O Esmorga Fest será o 24 de xullo

O festival Esmorga Fest volta a Sarria cun formato diferente o vindeiro sábado 24 de xullo na praza da vila. Despois de que o ano pasado se cancelara a VI edición, este verán volta cunha xornada cargada de bo ambiente e música arreo.

O cartel está protagonizado polo grupo vasco Niña Coyote eta Chico Tornado, os lucenses Holywater, Depresión Sonora e Monteperdido, catro grupos que aportarán o seu estilo e que buscarán transmitir emocións e



sentimento aos espectadores. Así mesmo, o festival será gratuito pero con aforo limitado debido á actual situación sanitaria. As entradas están dispoñibles dende o día de hoxe e para conseguilas hai que entrar na páxina web da Esmorga fest, introducir os datos e descargar a entrada. Dende a organización do evento recordan que os pases son nominativos e intransferibles, polo que haberá que presentar o DNI no momento de acceder ao recinto.

Aberto o prazo de matrícula na escola de música municipal

O Concello de Sarria xa publicou as bases que rexerán o proceso de matriculación na Escola municipal de música para o curso 2021/2022. As solicitudes das persoas interesadas presentaranse de forma presencial nas instalacións da Escola de Música de Sarria, sita na rúa Pedro Saco en horario de 10.00 a 14.00 horas.

O número de prazas ofertadas fora das de continuidade farase público no momento en que finalice o prazo de matrículas dos alumnos que continúen a súa formación musical na escola.

Así pois, os prazos dependerán de si se trata de novas matrículas ou de si son matrículas de continuidade. Os alumnos e alumnas da escola con reserva de praza terán do 1 ao 9 de xullo para matricularse -ambos inclusive-. Os alumnos e alumnas matriculados durante todo o curso anterior á presente convocatoria en música e move-



Escola de música de Sarria

mento que solicitan instrumento por primeira vez (matrícula preferente) terán do 12 ao 16 de xullo -ambos inclusive-. Nesta caso, será requisito imprescindible que o ano de nacemento do alumno sexa 2015 ou anterior.

Finalmente, os alumnos de novo ingreso (nova matrícula) atoparanse no último prazo e terán dende o 19 ao 23 de xullo -ambos

inclusive-.

Para inscribirse, as persoas interesadas deberán presentar: a solicitude en modelo específico debidamente cumprimentado. O modelo de solicitude estará dispoñible en formato PDF autoeditable na sede electrónica do Concello de Sarria e na páxina web www.sarria.es, así como en formato impreso na propia Escola Municipal de Música.

Ábrese a inscrición para os cursos de natación



Piscinas de Sarria

O Concello de Sarria oferta cursos de natación para este verán. Os meses nos que se van a levar a cabo son en xullo e agosto e estará dividido en quendas quincenais.

Cada clase terá unha duración de media hora e terán lugar de luns a venres, agás festivos.

O prezo por quincena e por quenda é de 13,34 euros e, a partir do segundo irmán, o custe será de 8,89 euros. No caso de apuntarse por mes, o prezo será de 26,61 euros, tendo tamén un desconto a partir do segundo irmán cun prezo final de 17,94 euros.

O curso realizarase en catro quendas divididas en dous meses. Por un lado, no mes de xullo realizarase unha quenda do 5 ao 16 e outra do 19 ao 30. No caso

de agosto, as datas serán do 2 ao 13 e do 16 ao 27.

En canto aos horarios, serán clases de media hora que se distribuirán entre as 12.30 a 15.00 horas e estarán divididas en diferentes niveis. Desta forma, os horarios serán de 12.30 a 13.30 horas -nivel de aprendizaxe, iniciación e perfeccionamento-; de 13.30 a 14.30 horas -clases con nenos e nenas menores de 4 anos, iniciación e perfeccionamento- e de 14.30 a 15.00 -clases para persoas con necesidades especiais, adultos e perfeccionamento-.

As prazas son limitadas, polo que serán adjudicadas por rigorosa orde de presentación de solicitudes no rexistro do concello ou na sede electrónica: sarria.sedelectronica.es.

Conceden axudas para a rehabilitación de vivendas

O Instituto Galego de Vivenda e Solo está a avanzar na resolución das axudas para a rehabilitación de vivendas. Grazas a estes proxectos disporanse de máis de 40 novos fogares para facilitar o acceso a unha vivenda en alugueiro a senllas familias en toda Galicia. No tocante a Sarria serán 5 os inmobles. Así, o concello non terá que asumir o 100% do custe dos traballos para recuperar e mellorar o estado actual dos inmobles.

A biblioteca local aumenta o seu espazo



Presentación das novas instalacións

A Biblioteca Pública Municipal de Sarria vén de aumentar o seu espazo de almacenamento e estrear unha nova sala de estudo no marco das liñas de subvención destinadas á mellora e equipamento das instalacións e locais de concellos dedicados a actividades de carácter cultural nas que a Xunta de Galicia investiu este ano preto de 500.000 euros.

O secretario xeral de Cultura, Anxo M. Lorenzo, visitou hoxe as instalacións, onde puxo de manifesto a importancia dunhas actuacións que, dixo, “suporán un importante impulso para dinamizar a actividade cultural de Sarria” facilitando o acceso á lectura e consulta de libros así como “mellorando os servizos a escolares, veciños e residentes do municipio” Recordou, ademais, a aposta do Goberno galego por primar dentro da liña de axudas de equipamentos culturais as melloras nas bibliotecas locais “por tratarse de centros especialmente estratéxicos para garantir o acceso á cultura diversificado e descentralizado en Galicia”.

Salientou, ademais, o reforzo do apoio da Consellería de Cultura, Educación e Universidade en 2021 ás ac-

tividades das bibliotecas galegas cun incremento nas partidas orzamentarias dun 3%, así como para as actividades de promoción da lectura e do libro con incrementos neste caso de preto dun 12%.

A Biblioteca está situada na Casa da Cultura no que ata o de agora convivían zonas dedicadas á consulta e lectura coa zona de estudo. As actuacións levadas a cabo incluíron modificar a ubicación da sala de estudos acondicionando a planta semisoto que se atopaba en desuso ou cun uso moi esporádico. Deste xeito, a planta principal gaña agora espazo para consulta e almacenamento da biblioteca. Aproveitando esta intervención tamén se unen mediante unha escaleira interna de xeito que a biblioteca e a sala de estudos permanezan unidas e á vez podan funcionar de maneira independente.

A Consellería de Cultura, Educación e Universidade axudou con máis de 24.000 euros para esta intervención incluída na liña de subvencións na que este ano se beneficiaron un total de 39 proxectos de mellora en instalacións culturais doutros tantos concellos.

Muebles

Celeiro

TEL. 918530451
TEL. 625662942
mueblesceleiro@gmail.com

EN VALPEDRE (TRA L1546 RM16) (Sarria-Lugo)

Tenda de descanso multimarca, con todos estes provedores...

terxy

ESPANNO
MAS CERTIFICADO

Ultraconfort

Rya

Equipos de Descanso

nosolopatas

Formas Descanso

natural &

poligon

... e algún máis

O NOVO

El colchón que lucha contra la CONTAMINACION PLASTICA.

LIRON

Punto e final ás festas de San Xoán

Sarria viviu unhas patronais complicadas cun programa que se coñeceu tarde e que tivo que ser modificado polo gromo da covid-19

O San Xoán de Sarria rematou con sabor agridoce despois de que aparecera un gromo na vila xa empezadas as festas. Así pois, tanto sábado coma domingo as restricións subiron ao nivel alto, sen embargo, os festexos non chegaron a suspenderse en ningún momento. Tan só as actividades e as actuacións que se celebraban no interior quedaron aprazadas ata novo aviso.

A pesar desta situación e de que o gromo colleu á vila por sorpresa, a maioría de actuacións exteriores continuaron con normalidade. Así pois, as actuacións de Louband, o pasarrúas de Peleriños e das pampónigas de Sarria non foron canceladas senón que se aprazaron á espera de que a situación sanitaria mellorase.


Por outro lado, unha das actuacións a destacar foi o mítico desfile dos cabezudos, que este ano estivo acompañado do ritmo de Tumbuka e que foron os encargados de inaugurar unha festa que daron vida á vila unha vez máis. A xornada do mércores continuou co concerto de Por mi Swing celebrado na praza da vila de Sarria.

O xoves, os festexos comezaron xa pola mañá con tres pasarrúas -da banda de música de Sarria, de Meigas e Tragos e de Swinging Flamingos Marching Band-. Os espectáculos continuaron durante o día e finalizaron cos concertos de Malditos Roedores e Taninos Maduros, dando á Sarria, unha vez máis, unhas actuacións de música diferente, nun ambiente de festividade.

Polo seu lado, o venres mantivo a súa actividade normal a excepción do espectáculo de maxia de Roberto Lolo que tivo que ser aplazado debido a súa celebración en interior. Sen embargo, tanto a sesión vermú, coma o pasarrúas de Meigas e Tragos e o concerto de Man de Santo na praza da vila se puideron celebrar con normalidade, tendo sempre presentes as medidas de seguridade precisas en cada momento.

Para pór punto e final a uns festexos diferentes, Sarria acolleu o sábado o concerto de Sound Sisters, mentras que o domingo celebrou unha xornada chea de música e baile, que se iniciou coa sesión vermú de Lioness Treasure, na rúa Xela Arias, e rematou co concerto de Eloi Caldeiro.

O próximo ano o día de San Xoán será festivo para Galicia.



Distintos momentos dos concertos e actividades ao aire libre durante as festas do San Xoán

“É o momento de facer o que nos gusta, na nosa casa”

Dixie Blinders unha banda formada durante a pandemia, que estivo de aniversario nas festas



Dixie Blinders

Dixie Blinders foi un dos grupos protagonistas nas actuacións musicais das festas de San Xoán en Sarria.

Cando naceu o grupo?

Os Dixie Blinders é unha banda formada no ano 2020, estando de aniversario precisamente nestas datas.

Por que xurdiu a idea de crealo?

Fai aproximadamente uns dez anos, varios dos componentes desta formación crearon unha banda chamada The Distiller Dixieland Band, que estivo en activo durante un par de anos, e despois de tanto tempo, había ganas de volver a reencontrarse, con distintos integrantes, pero con ganas de festexar ao estilo anos 20.

Hai algún grupo que influencia na súa música?

Centrámonos case exclusivamente nos inicios do Jazz, con autores como Jerry Roll, Kid Ory, Freddie Keppard, Buddy Bolden e como non, o gran Louis Armstrong.

É a primeira vez que o grupo actúa nas festas patronais de San Xoán?

É a segunda vez, estreámonos o ano pasado precisamente durante a celebración de San Xoán, nun concerto no Malecón, e este ano repetimos pero en formato de pasarrúas.

Que significa esta actuación para vós?

É o momento de facer o que nos gusta, na nosa casa, intentando que se vexa o gran

abanico de agrupacións culturais da vila de Sarria. Sempre é un pracer poder traballar na casa, e máis con estas circunstancias.

Tedes algún proxecto de futuro?

Estamos inscritos en varios ciclos de concertos, no que as datas aínda están por confirmar, xa que vai todo retrasado debido á situación que estamos a pasar, pero dentro de pouco poderemos levar a nosa música a distintos lugares da comunidade.

Tedes algunha novidade en relación a estos concertos?

Por un lado temos cambios de componentes, debido ás situacións persoais de cada integrante, sempre hai movemento nas filas deste tipo de agrupacións. Por outro lado, cambiamos e melloramos o repertorio, intentando facer mais partícipe ao público do noso espectáculo.

Que supuxo a covid para o voso grupo?

A covid supuxo, a pesares de soar un pouco raro, a creación desta banda. É dicir, a maioría tiñamos e temos outro tipo de formacións que non puideron actuar e sen vistas a poder facelo de xeito regular, así que decidimos montar esta agrupación para crear unha variante en todo este desastre que está sufrindo a cultura. Segue a ser unha situación difícil, e todos a sufrimos, no persoal e no profesional, pero na música atopamos sempre algo que nos fai o camiño máis suave.

“Prodúcenos pracer ensinar un dos moitos bens culturais”

Louband é un dos grupos que nunca falta nas festas patronais sarriás

O grupo de música Louband actuou un ano máis nas festas de San Xoán de Sarria, algo do que se sinten orgullosos e afortunados. Así mesmo, comezan unha nova xira que os levará por diferentes puntos de Galicia e León.

Cantos anos leva o grupo formado?

Louband formouse no ano 2017, que foi cando empezamos a ensaiar e a darlle forma a agrupación que temos a día de hoxe, pero estreámonos a principios do 2018.

Por que xurdiu a idea de crealo?

Era unha inxenuidade de varios dos compoñentes que formaban parte da charanga Madialeva, e que tiñan ganas de seguir neste mundo de festas, pero cun formato distinto. A idea dende un principio era esta mestura de charanga e banda de RockNRoll, nun formato de rúa.

É a primeira vez que tocades nas festas de San Xoán?

A Louband sempre actuou no San Xoán, dende os seus inicios, e prodúcenos moito pracer poder ensinarlle ao pobo un dos moitos bens culturais. Ao igual que calquera outra agrupación de Sarria, actuar durante estas datas, creo que trae consigo un sentimento un tanto especial.

Que significa esta actuación?

Neste momento significa a volta aos escenarios, no noso caso ás rúas sobre todo, vendo unha pequena luz que esperemos que nos permita traballar sen ningún parón a partir de agora. Pode decirse que é o pistoletazo de saída cara esa normalidade tan esperada.



Louband, nunha das súas actuacións

Ides comezar unha xira, en que sitios actuades?

Temos moitas datas por confirmar, pero podo decir que na mesma semana do San Xoán estaremos rondando pola zona da Costa da Morte e as Rías Baixas un par de días, ademais de estar presentes tamen na vila. O resto do verán, polo momento, está distribuído por todo Galicia e León.

Tedes algunha novidade nesta xira?

Temos varias novidades, unha delas presentouse fai uns días, e trátase da incorporación de Manu Doel, un novo saxofonista que nos fará as delicias ao cargo do seu saxo tenor. Tamén temos outra novidade bastante importante, pero en un principio hai que esperar ao día 23 para vela.

Que supuxo a covid para o voso grupo?

A verdade é que unha situación como esta lévate a extremos. Creo que supuxo o mesmo para nós que para calquera outra agrupación que se adique de forma profesional a este

sector: incertidumbre. Non sabes se podes traballar, cando podes traballar, ás veces non sabes ben como facelo, non sabes tampouco se esa actuación que tes dentro dunha semana se vai levar a cabo... Pasamos por unha situación moi complicada, pero nós adicamos tódolos nosos esforzos en poder seguir facendo o que nos gusta, e temos a sorte de conseguilo grazas a certas circunstancias especiais desta agrupación. Estamos contentos por seguir, pero tristes por todo o que se perdeu neste camiño.

Tedes algún grupo que vos influencie na vosa música?

Temos influencias moi heteroxéneas xa que cada un de nós procede de ramas distintas da música, entón, a nivel personal podemos falar de música clásica ata heavy metal. No tocante á Louband, estamos mais centrados no rock, ska e mestizaxe, tanto nacionais como internacionais, como é o caso de La Pegatina, Ska-P, Creedence Clearwater, Tina Turner, Lamatumbá, Herdeiros da Crus ou Dubioza Kolektiv.

Audio©linic

Centro Auditivo




Ofrecemos los mejores servicios y la atención más exquisita que se merece su salud auditiva

SERVICIOS: Audiometrías · Adaptación personalizada · Rehabilitación auditiva · Mantenimiento y reparación de audífonos

PRODUCTOS: Audífonos · Protección Auditiva · Tapones de Baño · Accesorios

PROMOCIONES: Revisiones Auditivas · Promoción Audífonos

Plaza Mayor, 19 - 1º 27001 LUCO - 982 254 524 - audioclinic@gmail.com - www.audioclinic.es

“Somos unha sociedade ao servizo dos veciños e veciñas”

Pepe Quiñoá é o novo presidente da Sociedade Cultural A Unión

Pepe Quiñoá conta como evolucionou a Sociedade Cultural A Unión, da que é o presidente dende o ano 2008, así coma as actividades programadas nun futuro próximo.

No ano 2019, A Unión cumpriu 100 anos, como cre que foi evolucionando a asociación ao longo do tempo?

A asociación foi evolucionando positivamente sempre. Ao longo do tempo medramos en socios, en propiedade e en actividades e conseguimos cumprir 100 anos que non é algo sinxelo nunha sociedade. Esta foi o xerme de moitas actividades e deportes dentro da comarca e da vila de Sarria: foi o promotor do fútbol en Sarria, impulsou tamén o primeiro equipo de baloncesto na vila, fomentou a asociación cultural Meigas e Trasgos de Sarria e, actualmente, unha das actividades que destaca é que conta cun cine club que leva moitos anos funcionando. Anteriormente, a sociedade facía outro tipo de eventos e o que realizaba principalmente eran festas e tertulias. Agora, co paso dos anos, fanse outro tipo de actuacións e de actividades, dende conferencias a ximnasia, pilates, ioga, bailes de salón, de sevillanas e tamén temos un club de billar. De feito, unha das actividades que destaca é un grupo de cantos de taberna que antes de comezar a pandemia contaba con 32 compoñentes. Grazas a todo este movemento estamos atraendo a moita xente e, algo que cambiou respecto a outros anos, é que antes era moi típico ser socio da Unión, sen embargo, non se acudía con frecuencia a ela. Con este tipo de actividades e eventos conseguimos que a xente acudira a Unión e chegaban todas as semanas sobre 150 socios, algo que

nos parece fundamental. Así foi evolucionando a Unión, promovendo e impulsando diferentes eventos de ocio na vila de Sarria.

A Xunta Directiva continúa sendo a mesma despois das eleccións, que obxectivos teñen?

A Xunta Directiva leva sendo a mesma dende o 2008. Así pois, dende dentro da mesma valoramos moito tanto o edificio da Unión coma o espazo que temos arredor que son coma 4.000 metros cadrados. Por esta razón, acabamos de facer actuacións importantes dentro da sociedade



Sede da Unión na vila de Sarria

como foi a reparación das galerías, puxemos ascensor, pintamos a parte superior, puxemos piso na parte inferior... Fixemos varias accións nun dos aspectos emblemáticos da Unión coma é o edificio. Ademais, tamén consideramos fundamental seguir mantendo e embelecendo os xardíns xa que é o único xardín que queda en Sarria para a vista e o servizo dos ve-

ciños e veciñas.

Hai algún evento ou actividade programada na Unión de Sarria nun futuro próximo?

Estamos programando varias actividades. De feito, xa teríamos que ter comezado pero coa actual situación en Sarria estamos algo parados. Unha actuación que temos preparada é o concerto da banda Filarmónica de Lugo para o día 24 de xullo ás 19.30 horas. É un evento aberto a todo o público porque está patrocinado pola Deputación. Hai que diferenciar xa que na Unión hai actividades abertas as

público e pechadas para os socios. Cando son promocionadas por Concello ou pola Deputación son sempre abertas para toda a vila de Sarria e visitantes.

Por outro lado, queríamos empezar co cine de verán que facemos no exterior. Proxectamos películas e suele facerse nos meses de xullo e agosto, ás once da noite os venres. Agora mesmo, estamos



Pepe Quiñoá

pendientes da covid para ver como evoluciona e poder retomar as actividades canto antes. Ademais, outro aspecto que estamos preparando e que está casi rematado é o libro conmemorativo do centenario da Unión. Tan pronto coma o teñamos, estará disposto para todos os socios. Nel vai toda a historia da Unión e do pobo de Sarria. Finalmente, outra actividade importante que temos son as exposicións fotográficas. Temos sobre 4.000 fotografías recopiladas da historia da vila de Sarria. Todos os anos faise unha exposición durante un mes dalgún tema en particular para ir variando as fotos e que non sexan sempre as mesmas. Suelese facer en agosto pero aínda non sabemos que ocorrerá este ano.

Que aporta A Unión a unha vila coma Sarria?

É unha sociedade cultural polo que o primeiro que lle aporta é cultura. Ademais diso, aporta actividades que se atopan dentro da programación con profesores cualificados para os socios. Un socio non é unha persoa física, senón que é unha unidade familiar, ben sea unha parella, unha parella con fillos, etc. Así mesmo, tamén celebramos festividades, coma por exemplo, o magosto, no que é tradición invitar a todos os socios a unha cea con festa e baile posterior. De feito o último ano participamos 260 persoas.

Como viviu a sociedade a covid19? E en relación aos socios?

Os socios vanse mantendo para sorte nosa. Eu quedei sorprendido do bon facer dos socios, de manterse nunha situación tan complexa. Evidentemente houbo algunha baixa pero tamén se fixeron altas. Manteuse o número de socios e andamos arredor de 500.

Continúa activa a emisora de radio?

Sí, segue activa o que pasa é que con esta situación practicamente non podemos traballar e tivemos que parar pola falta de actividades. De feito, este ano empezamos pero non puidemos continuar. Antes da pandemia, estabamos programando unha actuación mensual e a nosa idea era que fora semanal. Con estas circunstancias non podemos, sen embargo, en canto se poida, voltaremos a poñela en funcionamento.

Como valoran esta iniciativa?

Moi positiva; hai que pensar que o último dato que tiñamos da última vez que se emitiu en época normal conseguimos uns 15.000 oíntes. Para a Unión é fundamental porque permite dar a coñecer aos socios tódalas actividades que se fan, como marcha o funcionamento da Unión, etc.

Que destacaría da asociación? Considera que hai algún punto negativo ou algo para mellorar?

Mellorar hai que mellorar sempre aínda que non crea que teñamos puntos negativos. Temos en mente moitas cousas; un mural nunha fachada enorme que está pegada aos xardíns e que xa falamos co concello, continuar coa mellora dos propios xardíns... Son actuacións que buscan embelecer e facer máis vistosa a vila de Sarria porque se quixeramos embelecer só a sociedade poderíamos pechala por completo e continuar coa mellora. Nós o que queremos é colaborar e facer unha sociedade aberta á vila e, de feito, non eramos nin somos unha sociedade elitista. Antigamente, para facerse socio había que sinalar a profesión e temos copias de fai 50 anos ou máis das distintas profesións que pertencían á Unión: carpinteiros, reloxeiros, ferreiros, avogados, xastres, notarios... Non había distinción. Por iso, somos dende sempre unha sociedade ao servizo da vila.



Xardíns da sociedade

A CHMS presenta o proxecto da EDAR e os veciños piden os cambios por escrito

A Confederación Hidrográfica do Miño-Sil (CHMS), Organismo autónomo dependente do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, somete a información pública (IP) o Proxecto de construción de actuacións de mellora do saneamento da EDAR de Sarria.

Desta forma, dende a CHMS buscan mellorar o proxecto do novo saneamento e da estación depuradora de augas residuais na que se pretende construír un colector que non estaba previsto no plan inicial, e que aumentará o custe en 360.000 euros.

Así pois, tamén se lembrou o problema de Sarria coa depuración da auga, na que a rede unitaria mezcla a auga pluvial da fecal. Desta maneira, tan só hai que esperar a que chova para que a Edar quede sen capacidade para tratar as augas fecais, xerando unha contaminación nun tramo do río.

Veciños e veciñas tamén denunciaron a situación e instaron á Confederación a mellorar o proxecto de saneamento que, actualmente, contempla unha separación de augas, así coma a construción dun tanque de tormentas que ten a función de regular a auga cando as choivas son extremas. Así pois, engadírase a iso un colector den-



Unha imaxe do río Sarria

de ese tanque -que conectará tamén a saída da depuradora-.

O PROXECTO. A actuación consiste na substitución do colector da marxe esquerda do río Sarria desde a rúa Calvo Sotelo ata a rúa Greco e un tramo do colector xeral desde esta última ata o novo dispositivo de retención, que servirá para controlar o caudal de entrada á depuradora, executando así un total de 1.000 metros de colector. Na Edar instalaranse novos equipos e actualizaranse os existentes para mellorar o seu funcionamento.

As obras serán cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolve-

mento Rexional e serán licitadas por un valor de 2.435.845,49 euros. Así pois, o prazo de execución estímase en 12 meses.

OS VECIÑOS. O alcalde de Sarria, Claudio Garrido, realizou unha xuntanza cunha trintena de veciños da Veiguiña, A Ribeira, Vilar, Vilarrairo e a zona da carretera, en Vilar de Sarria para informar sobre o novo proxecto de saneamento da Edar. Así pois, os veciños pediron que a Confederación Hidrográfica do Miño-Sil redacte por escrito os cambios que proxecta facer na Edar.

A novidade do proxecto é a construción dun colector que non es-

taba previsto no plan inicial, e que aumentará o custe en 360.000 euros. Grazas a este colector, poderase xestionar o volume de augas residuais, que actualmente non se logra conseguir e provoca a contaminación do río.

De todas formas, algúns dos veciños da zona dudan da efectividade que pode ter o colector e outros defenden a construción dunha nova Edar noutro espazo e cunha maior capacidade. Por iso, instan a CHMS que redacte por escrito os cambios que quere efectuar.

BNG. O BNG defende a necesidade de reformular o proxecto para modernizar esta instalación e, así, paralizar as verteduras e garantir o bo funcionamento. Por esta razón, o Bloque rexistrou diferentes preguntas ao Ministerio de Transición Ecolóxica e Reto Demográfico para coñecer si se teñen contempadas as alegacións da veciñanza e si se dispón a redactar un novo proxecto. O deputado Néstor Rego declarou que “o proxecto que se quere desenvolver ocasionaría a anegación de vertidos en varios puntos, sendo o máis grave a illa da Veiguiña, ocasionando graves problemas medioambientais como de convivencia, xa que esta zona está moi próxima as vivendas”.

O PP lamenta o abandono da vila por parte do Concello

Dende o Partido Popular de Sarria esixen no pleno “o inmediato arranxo e mantemento do famoso xardín vertical da Calexa”.

“Unha obra non prioritaria para Sarria que custou case 40.000 euros e que o goberno de Claudio Garrido lle adxudicou a dedo a unha empresa da Coruña” sinalaron dende o PP.

Así mesmo, tamén defenden que o goberno municipal xa confirmou que “o vai arranxar de inmediato dita empresa contratada” e engadiron que “a partir de agora o mantemento desta infraestrutura tena que pagar o Concello sempre”.

Ademais lamentan que “mentras familias e autónomos sen axudas, os ríos cheos de maleza, a vila abandonada e o rural cheo de fochancas...”

SERVIZO ELÉCTRICO. Dende o

Partido Popular de Sarria denunciaron a privatización do servizo eléctrico público municipal que realizou o Concello.

Así pois, defenden que os problemas ocasionados polo servizo eléctrico ocorren en moitas parroquias, a última foi en Ferreiros, onde os veciños quedaron sen luz. “O problema é que antes os veciños deixaban o aviso telefónico no Concello e o servizo eléctrico municipal arranxaba a avaría. Trala privatización do ano pasado, coa que estamos radicalmente en contra, a empresa adxudicataria é de Valencia”, sinalan.

“Privatizaron o servizo eléctrico público municipal a unha empresa foránea por 20 millóns de euros, durante 20 anos”, resumen. Ademais engaden que “a xente está sin luz días pero o Concello paga igual o canon de consumo coma si se consumise igual”.



Rúa Maior de Sarria, na que se ubica o inmoble a rehabilitar

O Concello recibe unha achega para rehabilitar un inmoble

Sarria contará cunha axuda do programa de rehabilitación de vivendas de titularidade municipal de 240.000 euros para a restauración dun inmoble de titularidade municipal situado nunha parcela da rúa Maior para habilitar cinco vivendas. Trátase dunha edificación de pedra que se atopa en estado ruinoso despois de ter sido

obxecto de varios incendios no ano 2019, e na que a Administración local prevé levar a cabo unha actuación integral. Estas axudas teñen como finalidade facilitar que os concellos que teñen demanda de vivenda de promoción pública poidan crear un parque residencial para ofrecelo en réxime de arrendamento.

Sarria adhírese ao proxecto Concellos Emprendedores

A vila de Sarria xa é Concello Emprendedor, sumando un total de 21 municipios da provincia. Con esta distinción súmanse ao obxectivo de poñer facilidades ao investimento empresarial para impulsar a reactivación económica e ofrecer máis axilidade na tramitación administrativa, no acceso ao solo industrial e maiores incentivos fiscais.

O principal obxectivo desta iniciativa é trasladar confianza e seguridade xurídica ao tecido económico e, nese sentido, como novidade, a lei fixa un prazo de tres meses para a emisión de informes e amplía os supostos de iniciativas empresariais prioritarias.

Estase a dar prioridade aos concellos adheridos a esta iniciativa en diversas liñas de axudas destinadas a impulsar a fábrica intelixente, o emprego de calidade e o emprendemento baseado na innovación e no talento. Para iso, establécese nestas axudas, que están a ser convocadas en réxime de concorrencia competitiva, un criterio específico.

Os Concellos Emprendedores, pola súa banda, comprométese a ofrecer ás empresas que mostren interese por instalarse nas súas localidades máis incentivos fiscais, maiores facilidades para acceder ao solo empresarial e unha simplificación na tramitación administrativa. Os maiores incentivos fiscais por parte dos concellos para favorecer a chegada de novas empresas suporán unha bonificación de ata o 95% no IBI, IAE e ICIO para aqueles proxectos que impliquen nova implantación ou ampliación de empresas xa existentes.

O PSOE denuncia o mal estado do muíño do Toleiro

A Agrupación Socialista de Sarria insta á Xunta a que reforme o muíño do Toleiro, situado no centro de Sarria e cun estado de deterioro importante. Así pois, dende o PSOE defenden que nos 668.000 euros do Plan Nacional Turístico Xacobeo do goberno central incluíronse as obras de rehabilitación do inmoble.

O PSOE sinala que o goberno de Feijóo foi o que paralizou a obra no ano 2009 pero que agora xa se dispoñen de fondos suficientes para levar a cabo a reforma. Ademais consideran que dito muíño é unha forma de potenciar o Camiño de Santiago e a vila de Sarria. Dende que a Xunta adquiriu este edificio fai 14 anos, non se levou a cabo ningunha reforma e, de feito, fai uns meses o tellado derrubouse deixando danos importantes. Para concluír, os socialistas denunciaron o mal estado no que se encontra a infraestrutura e recordan o proxecto que existía de Santiago Catalán.

“A privatización eléctrica leva a Sarria a unha hipoteca de 20 anos”

Juan Antonio García, concelleiro en Sarria do Partido Popular

Juan Antonio García, concelleiro en Sarria polo Partido Popular, principal partido na oposición, manifesta que son moi críticos co Goberno municipal “pero intentamos ser construtivos”, asegura na súa valoración do que vai de lexislatura.

Fai anos que pechou a ponte Ribeira e non se puido levar a cabo o proxecto da pasarela da ponte, que solucións propoñen dende o Partido Popular?

Nós cremos que a solución que propoñemos é a que quere a maioría da vila de Sarria e é a de que se reconstrúa a ponte Ribeira coa ampliación que estaba prevista, é dicir, que se reconstrúa o proxecto que xa había e que foi aprobado e licitado no ano 2018.

Este proxecto conta con todos os informes favorables, tanto de Patrimonio coma de Confederación Hidrográfica, polo que se permite nela o paso rodado e recuperar a rúa do Peregrino coma estaba antes da obra.

Cal foi o problema entón?

O problema que ocorreu é que hai sete anos paralizouse a súa reconstrución por unha denuncia na que se acusaba a ese proxecto de ser un delito patrimonial, unha denuncia que fixeron uns veciños de Sarria, entre os que se atopa a actual concelleira de Cultura do Concello de Sarria. Cremos que Camiña Sarria leva mentindo dende un primeiro momento. Despois no 2019, presentáronse ás eleccións dicindo que tiñan a solución para ponte Ribeira: a construción dunha pasarela por parte do exército. Dous anos despois está claro que Garrido só dixo iso como unha solución rápida.

Unha vez no cargo dixeran, dende o Goberno, que realizarían unha pasarela provisional e que tiñan todos os permisos para facela. A continuación, sinalaron que faltaba o permiso de Patrimonio para, posteriormente, anunciar que non facía falta e que se ían iniciar as obras. Agora, o que decían era que para o ano que vén farían un paso a pé, un paso a pé que ninguén quere. A poucos metros está a pasarela do hotel que xa é un paso a pé. Para que queremos outro paso a pé? O que necesitamos é a ponte con tráfico rodado e reconstruíndo a rúa Peregrino que foi a que se denunciara. Por todo isto, seguimos defendendo a nosa idea da reconstrución da

ponte co acceso de tráfico rodado, así coma a reconstrución da rúa Peregrino tal e como estaba. Actualmente incluso estamos xestionando e solicitando axuda económica a outros organismos para que ninguén diga que se trata dun problema económico. O único problema radica en que a ponte segue cortada dende fai sete anos e seguen sen buscar solucións. Hai xente, sobre todo dos negocios que se atopan nesa zona que están realmente

Aproveitouse a substitución dos leds, en vez de para facer un aforro enerxético para o pobo, para facer un megacontrato privatizador cunha empresa de Valencia, que elimina o aforro e o emprego público

aburridos deste tema e de que lle dean tantas voltas a un inicio que non chega. Nós non cambiamos e sempre apostamos polo proxecto de reconstrución e, de feito, só había que abrir o ensanche do río abaixo que é o que esixe a Confederación cando se aprobou o Plan Hidrológico.

Outro dos patrimonios de Sarria que continúa sen ningunha actuación e completamente abandonado é o muiño do Toleiro, sábese algo dende o Partido Popular?

O muiño de Toleiro comprouno fai anos a Xunta por 780.000 euros nunha operación que foi moi controvertida porque era unha cantidade de diñeiro moi alta, ademais de todos os proxectos que se anunciaron e que non se levaron a cabo. No ano 2015 houbo un convenio co Concello, que sigue vixente actualmente, polo cal pasaba a ser uso do Concello, quen ten a obriga de mantelo e coidalo. Ese convenio produciuse porque se iniciara a tramitación dun obradoiro de emprego para que o propio Concello, a través dese obradoiro rehabilitara ese inmovible. Isto foi no ano 2015 e, despois de 6 anos, aínda non se realizou ningunha actua-

ción dende o Goberno. De feito, no verán pasado acabou caendo unha parte e o interior está danado. Así mesmo, incluso houbo elementos patrimoniais que os levou a auga e que xa non están. Agora resulta que se anunciou fai pouco, dentro das actuacións da Secretaría Xeral de Turismo, unha actuación importante nel. O que non sabemos é se eso é viable porque o edificio na actualidade está practicamente en ruínas.

Como valoran o traballo que están a realizar dende o Concello de Sarria dende que comezou o mandato?

Nós somos moi críticos co Goberno actual de Sarria. Sómolo porque somos a oposición e é unha das nosas funcións, pero intentamos ser unha oposición construtiva. Sen embargo, o Goberno de Camiña Sarria para nós e un goberno baseado nestes dous anos nas mentiras porque practicamente todo o que defende o alcalde é unha sucesión de mentiras respecto ao que prometeu antes das eleccións. Por exemplo, engadido ao da ponte Ribeira, denunciaba que Sarria levaba cinco anos sen presupostos, bueno, pois agora levamos sete. Non se presentou nin proxecto de presuposto. De feito, hai declaracións públicas de Garrido dicindo que un Concello que non teña unhas contas ao día e que non teña presupostos ao día, non é un Concello competitivo e é certo; pois él mentiu porque non foi quen de presentar un orzamento nestes dous anos que era o que ía facer en teoría.

Os veciños contan con axudas?

Sarria é un dos poucos concellos sen axudas á veciñanza. Foi o único Concello que non repartiu nin unha máscara entre a poboación. Estamos nunha situación moi difícil e non vemos nada do que se dixo. Prometeuse tamén un auditorio na Casa da Cultura e, sen vir a nada, desapareceu ese proxecto e compráronse unhas instalacións por un prezo absolutamente exacerbado e fóra de lugar. Vemos, desta maneira, unha absoluta falta de xestión na que non se prioriza todo o que se dixera que era prioritario.

E o tema da privatización do servizo eléctrico?

Esta é outra das cuestións máis



Juan Antonio García, concelleiro do Partido Popular en Sarria

relevantes pois aproveitouse a substitución dos leds, en vez de para facer un cambio de bombillas e de aforro enerxético para o pobo de Sarria coma fan todos os concellos, para facer un megacontrato privatizador cunha empresa de Valencia por 20 anos, que elimina aforro enerxético, elimina emprego público e todos os beneficios van para esa empresa. De feito, o alcalde de Monforte deulle unha lección a Sarria: practicamente coas mesmas leds, ou sexa co mesmo número de bombillas no rural que no urbano e con cadros a cambiar, Monforte vén de contratar cunha empresa local a substitución de todos eses puntos de luz por 3,2 millóns de euros e di que se aforra sobre 300.000 euros ao ano e que xa empezan os beneficios para o propio Concello ao segundo ou terceiro ano. Ousexa, en Sarria non vai haber aforro enerxético ningún porque hai que pagar o canon haxa ou non haxa ese aforro e, de feito, non coñecemos ningún concello que fixera isto.

Sarria leva sete anos sen contas públicas o que dificulta que o Concello sexa competitivo

Que temas ou actuacións consideran que son de preocupación local en Sarria? Que se debería cambiar nelas?

A principal é que Sarria leva sete anos sen contas públicas o que dificulta que o concello sexa algo competitivo. Ademais diso as xa mencionadas da ponte Ribeira, a privatización eléctrica que conleva a unha hipoteca de 20 anos para Sarria, o solo industrial, no que non se está realizando ningunha actuación e, coa situación actual, a falta de axudas a autónomos, turismo e familias. Sarria é o conce-

llo con menos axudas da provincia de Lugo. Todos os concellos dun tamaño similar ao de Sarria na provincia vemos como anuncian plan de activación económica e de impulso económico, sen embargo aquí non se presta ningunha axuda quitando as da Xunta e así.

Como viron a xestión da covid por parte do Concello?

A xestión da covid foi mala por dous motivos fundamentais. O primeiro a falta de axudas mencionada con anterioridade. A poboación non ten axudas do Concello, as que hai son doutros organismos. Así mesmo, foi incapaz de repartir máscaras. Ademais, si que é certo que tivemos un momento difícil e triste polo que pasou a residencia no que consideramos que todo o mundo e, sobre todo, os traballadores, fixeron o que puideron e máis, sen embargo, o que non entendemos é a falta de información por parte do Concello en todo momento. Levamos dous anos para que se nos dean explicacións na xunta rectora que é o máximo órgano e que tan só se convocou dúas veces e, de feito, levamos meses esperando pola información e documentación que pedimos. Eu penso que teñen que dar luz sobre como foi esa xestión. Sen embargo, non se nos dá a información, algo que nos parece vergoñento dunha institución que é de todos e que non debería ter nada que esconder. Se non hai nada que agochar non sei porque pasan meses e meses sen dar a documentación solicitada. Na última xunta rectora non se nos volveu dar e prometéusenos dende o presidente da residencia, que é o concelleiro de servizos sociais, e por parte do alcalde que ao día seguinte ía estar todo colgado xa que non había nada que esconder. Pois levamos outro mes sen saber nada e aínda non se presentou ningún plan, ningún escrito, adxudicacións, etc, algo que nos parece preocupante e alarmante.

COMARCA


A vila de Sarria é o único Concello en alerta en toda a provincia

A covid repunta na mocidade coa retirada de máscaras ao aire libre

A tendencia á baixa no número de contaxios da covid rompeuse dende hai dúas semanas debido á rebaixa de restricións que pasou pola retirada do uso de máscaras en zonas ao aire libre. Agora, hai un repunte importante do que parece a quinta vaga extendéndose de forma rápida entre a mocidade, que non está vacinada. Está condicionado tamén polo enorme gromo que comezou en Mallorca e que se estendeu por toda España nas viaxes de fin de curso. Ademais da retirada de máscaras, tamén se reduciron horarios de peche e ampliaron aforos. Sen dúbida o principal cambio produciuse coa apertura do ocio nocturno, a partir do pasado día 1.

Nas terrazas o aforo pasa a ser do 100% sempre que as mesas cumpran a distancia de seguridade. No interior mantérase o tope no 50%. Ademais, permítese pedir e servir nas barras de bares e cafeterías pero non se poderá consumir. Tamén se permite agora a reunión de seis persoas en interiores e ata quince nas terrazas e reabren as zonas de lecer dos centros comerciais, ademais de aumentar aforos lugares de culto, academias, centros de formación, museos, acuarios e zoológicos.

A SITUACIÓN EN SARRIA. Sarria mantense nestes momentos como o único Concello en alerta na provincia de Lugo e está nesta situación debido a un intenso gromo que se estendeu por un contacto familiar. Os contaxios subiron rapidamente achegándose aos 80 pero nas úl-



Arriba, o cribado de Sarria, abaixo, o mapa da situación en Galicia

timas datas o gromo parece controlado e os contaxios descenden, especialmente polas altas. Aínda así a situación non está controlada de todo e Triacastela e Láncara sufriron tamén as consecuencias de seren localidades de pouco poboación xa que con menos de dez casos estiveron preto das res-

tricións.

No resto da provincia, a situación non está controlada de todo. Hai outro gromo moi activo na cidade de Lugo que está a disparar as cifras mentres cada vez hai menos concellos limpos de covid aínda que con poucos casos e con incidencias baixas a maior parte.

O Mitma pon en valor o Camiño francés na comarca

A subdelegada do Goberno, Isabel Rodríguez, remarcou a aposta do Executivo pola revitalización do Camiño de Santiago, que se pon de manifesto nas distintas obras que ten en marcha na provincia o Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana, así como nos investimentos previstos dentro do Plan Turístico Nacional Xacobeo 21-22.

Isabel Rodríguez explicou que o compromiso do Goberno co Xacobeo reflíctese tanto nas obras de posta en valor do Camiño francés en dez municipios das provincias de Lugo e A Coruña, que financia o Ministerio dirixido por José Luis Ábalos, como nas previsións do Plan Turístico Nacional Xacobeo 21-22, presentado este mes pola ministra de

Industria, Comercio e Turismo, Reyes Maroto.

A subdelegada destacou que o Plan Turístico Nacional Xacobeo 21-22, que está dotado con 121 millóns de euros, tamén contempla actuacións para a conservación de monumentos situados nos Camiños a Compostela ao seu paso pola provincia de Lugo.

O Concello de Láncara invita a Garzón á feira da Tenreira Galega



Unha imaxe de arquivo da feira

O alcalde de Láncara, Darío Piñeiro, dirixiuse ao ministro de consumo, Alberto Garzón, para trasladarlle o seu desacordo coas declaracións feitas sobre as restricións do consumo de carne e convidouno a achegarse o próximo ano á feira de Tenreira Galega, para coñecer de primeira man a realidade do sector e a calidade da carne que se produce na zona. Ademais, comprometeuse a facerlle chegar unha degustación desta carne ao Ministerio, acto no que colaborará a carnicería Pitín de Sarria xunto coa cárnica Champán.

Así mesmo, pola outra parte, o ministro contestou afirmativamente a dita invitación e agradeceu o agasallo do Concello. O obxectivo desta actuación, según Piñeiro, é que se vexa a calidade da tenreira galega, así coma promocionala. Ademais, Piñeiro considera que é fundamental que o ministro recti-

fique as súas declaracións sobre o consumo de carne polas repercusións que poida ter no municipio onde existen sobre 400 explotacións cárnicas.

Desta maneira, o chuletón enviarase na vindeira semana grazas á carnicería Pitín e a cárnica Champán que tamén trasladaron o seu desacordo en relación as declaracións feitas polo ministro, destacando o modelo que segue Galicia que cumpre a normativa europea. Engadiron tamén o mal momento no que chegan ditas declaracións, despois dun ano no que, a causa da situación, as vendas caeron en picado.

Dende o Concello confían en que o agasallo faga que o ministro cambie de opinión e rectifique as súas verbas. Así mesmo, agradecen ás dúas firmas colaboradoras o seu traballo e axuda en dita actuación.

Convocadas axudas para o tecido cultural

A Vicepresidencia da Deputación de Lugo convoca axudas a asociacións culturais por un importe total de 230.000 euros. A Xunta de Goberno provincial aprobou as bases da convocatoria, que inclúe dúas liñas de subvencións: unha destinada á organización de actividades e iniciativas de dinamización cultural e outra dirixida a financiar investimentos en instalacións e equipamento nos seus locais sociais.

A liña para a realización de actividades culturais está dirixida a promover a realización de actividades culturais por parte das asociacións. As achegas céntranse en financiar gastos derivados de iniciativas de dinamización cultural en todas as súas

vertendes e de posta en valor do patrimonio material e inmaterial. As asociacións poden xustificar gastos diversos, desde os derivados da contratación de persoal ata os relacionados co desenvolvemento de actuacións culturais ou de promoción e difusión das actividades. As axudas A liña para investimentos en equipamentos e instalacións dirixise a financiar investimentos para a mellora, o acondicionamento e a reforma de instalacións de uso cultural. Tamén a adquirir equipamento, mobiliario e materiais de uso técnico e artístico. As axudas oscilan entre os 300 e os 3.000 euros en función dos criterios e baremos que se establecen na base da convocatoria.

Un guía turístico reforza a proxección do Camiño



Un fito de sinalización do Camiño de Santiago

A Deputación de Lugo apoia a proxección do Camiño de Santiago ao seu paso pola comarca de Sarria ao contribuír á contratación dun guía turístico cunha axuda económica. Esta persoa atenderá no local do colectivo Amigos do Camiño de Santiago, tal e como recolle o convenio asinado no pazo de San Marcos entre o presidente da Deputación, José Tomé Roca, e o presidente desta asociación, Jorge López, que dispón dunha subvención de 3.000 euros para este fin.

Desta maneira, vese reforzado o papel deste colectivo neste ano Xacobeo ao contratar unha persoa máis que se suma ao traballo que agora mesmo realizan os voluntarios desta asociación. O novo guía terá unha xornada de 3 horas diarias durante os meses de xuño a setembro con dominio de linguas como o inglés, francés, xaponés e o coreano. A atención será, principalmente nas horas centrais do día, momento no que chega a meirande parte dos peregrinos a esta comarca.

Adif adxudica o transporte de travesas para o túnel de Oural

Adif adxudicou un contrato de subministración, transporte e descarga de travesas para a construción do túnel de Oural, no tramo Monforte de Lemos-Lugo da liña convencional León-A Coruña, por un importe de 802.009,60 euros (IVE incluído).

O contrato, que foi adxudicado á Unión Temporal de Empresas (UTE) formada por Luso Galaica de Travesas e Travesas do Norte, inclúe a subministración das travesas bloque de formigón armado para vía en placa e das travesas de transición de elasticidade entre vía en placa e vía en balasto necesarias.

A construción do novo túnel de Oural enmárcase nas obras de mellora do corredor Ourense-Monforte de Lemos-Lugo.

TÚNEL DE OURAL. O novo túnel terá 1.854 m de lonxitude e discorrerá en paralelo ao existente, a unha distancia aproximada de 20 m, cunha sección de 52 m² e dispoñerá de tres galerías (dous peonís e unha vehicular) de conexión entre ambos, quedando o túnel actual como galería de emerxencia e evacuación.



Túnel de Oural

No seu interior montarase vía en placa con travesa bloque, cuxo subministración é obxecto deste contrato. O túnel deseñouse con continuidade da vía en placa no exterior, por ambos os emboquilles, de forma que permita o acceso aos servizos de emerxencia.

OURENSE-MONFORTE. As actuacións de mellora do tramo en servizo Ourense-Monforte de Lemos-Lugo, nas que se enmarca esta adxudicación, teñen como obxectivo cumprir

os compromisos de Adif coa optimización das condicións de explotación comercial do traxecto, en parámetros tales como a fiabilidade, o confort e os tempos de viaxe.

Os traballos previstos inclúen a modernización e adecuación das instalacións existentes, así como a electrificación a 25 kV en corrente alterna do corredor, adaptando a electrificación existente no tramo Ourense-Monforte de Lemos e dotando de catenaria e instalacións eléctricas ao tramo Monforte de Lemos-Lugo.

Os socialistas piden priorizar o desdoblamento do corredor

Os socialistas emprazan ao Goberno de Feijóo a que execute, no menor prazo de tempo posible, o desdoblamento total do corredor Nadela-Monforte de Lemos para convertelo en autovía. Así o avanzou en Nadela, a secretaria provincial e deputada autonómica, Patricia Otero, acompañada do presidente da Deputación e alcalde de Monforte de Lemos, José Tomé Roca, e o voceiro do Concello de Lugo, Miguel Fernández, e o deputado autonómico, Luís Álvarez onde anunciaron que reclamarán dende o Parlamento de Galicia priorizar esta infraestrutura, tan necesaria para a provincia.

Patricia Otero dixo que “a actuación da Xunta de Galicia no Corredor Nadela-Monforte de Lemos exemplifica ben a súa pésima xestión das infraestruturas e, nomeadamente da rede viaria na nosa provincia”. Nesa liña cualifica as actuacións do PP como “unha retalia de promesas reiteradamente incumplidas, retrasos inxustificables, partidas que se consignan ano tras ano nos orzamentos da Feijóo, pero que nunca se executan”. Insiste “no baile de cifras que soben e baixan nos orzamentos sen explicación racional algunha, cunha Consellería de Infraestruturas que nega e substitúe as súas propias previsións

sen ningunha explicación, son o mellor exemplo da falta de planificación en política viaria”.

A voceira de Infraestruturas afirma que Feijóo “non escoita aos alcaldes, e fai caso omiso ás demandas dos veciños e veciñas, ou incluso dos consellos técnicos, que veñen sinalando dende hai anos o risco que supón manter o tráfico en dobre sentido nunha vía concibida inicialmente como autovía, para circular en sentido único”, advertiu.

Otero lembrou que o acordo acordado no Parlamento de Galicia, o pasado mes de maio de 2019; “O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a iniciar a contratación no ano 2019 dos proxectos construtivos e de impacto ambiental do treito A Pobra de San Xiao-Nadela co fin de avanzar de forma definitiva no total desdoblamento desta infraestrutura, tendo presente o desdoblamento futuro do tramo Sarria-Monforte, que se abordará unha vez que se vaia materializando o Sarria-Lugo.”

DESDOBLAMENTO. O tramo que está nestes intreos en execución, das obras de desdoblamento para converter en autovía o corredor Nadela-Monforte de Lemos, ten unha lonxitude de 11,5 km. “E en vista das

declaracións e anuncios do presidente da Xunta tales ou ben coa consignación orzamentaria da Xunta para este ano 2021 e as previsións para os vindeiros anos nas que referencian a actuación como conversión en autovía do corredor Nadela-Sarria, queda patente que Feijóo non contempla o desdoblamento total do corredor.

Seguen as obras da primeira fase da autovía

A conselleira de Infraestruturas e Mobilidade, Ethel Vázquez, salientou que a primeira fase das obras da autovía Nadela-Sarria acadan o 25% de execución e confirman a aposta da Xunta pola vertebración territorial do interior de Galicia.

O traballos da primeira fase de desdoblamento da vía de alta capacidade están a desenvolverse ao longo dos 11,5 km que conectan A Pobra con Sarria centro, e que se corresponden co treito de corredor que rexistra unha maior intensidade de tráfico.

A titular de Infraestruturas e Mobilidade subliñou que o plan de traballos nesta vía, que vertebra a metade sur de Lugo, se está a cumprir ao 103%, é dicir, por riba do previsto,



Os socialistas provinciais, en Nadela

con 30 máquinas e máis de 50 traballadores no terreo. Sinalou que o obxectivo da Xunta é que no outono do vindeiro ano se poida poñer en servizo a primeira fase da autovía Nadela-Sarria, grazas a un investimento da Xunta de máis de 25M€. Afirmou que o Goberno galego mantén, tamén, o obxectivo de licitar este mesmo ano, 2021, a redacción do proxecto do resto do treito, que completará o percorrido en autovía ata Lugo.

Explicou que as obras en marcha na 1ª fase de desdoblamento desta vía supoñen, tamén, a adaptación dos tres enlaces do treito A Pobra, Sarria norte e Sarria centro, e a ampliación dos seis pasos inferiores. Ademais, engadiu, da instalación dun valado

reforzado, “que está demostrado que é o medio máis eficaz para evitar o acceso de fauna salvaxe que pon en risco a seguridade dos condutores”, dixo.

Concretou que os traballos previos de roza e despexe do terreo están executados ao 100%, quedando só por rematar o levantamento da valla metálica de peche e a desmontaxe dos sinais. Tamén está moi avanzada a explanación, estando executado xa case ao 45% o movemento de terras, co obxectivo de rematalo ao final do verán. Do mesmo xeito, están xa practicamente executados por completo 4 dos 6 pasos inferiores e progresan as obras de drenaxe transversal e de reposición dos servizos afectados.

Florencio Delgado Gurriarán, protagonista das Letras Galegas

A Real Academia Galega dedicarlle o Día das Letras Galegas 2022 a Florencio Delgado Gurriarán (Córgomo, Vilamartín de Valdeorras, 1903 – Fair Oaks, California, 1987). O Pleno da institución acordou na sesión celebrada esta mañá renderlle homenaxe o ano que vén ao autor ourensán, cuxo labor literario e activismo político e cultural constitúen un dos capítulos máis destacados das letras galegas da diáspora. A RAG non só celebrará o excelente poeta que foi, cultivador dun galego enxebre, característico das terras de Valdeorras. A través da súa figura tamén homenaxeará, por primeira vez, a Galicia do exilio republicano en México, país onde o propio Delgado Gurriarán e outros colegas desenvolveron iniciativas sobranceiras que mantiveron vivo o facho da nosa identidade e que constitúen un referente obrigado da nosa historia contemporánea. Florencio Delgado Gurriarán, avogado de formación, foi poeta, articu-



Florencio Delgado Gurriarán

lista, pioneiro da tradución poética interlingüística, editor literario e home ponte entre a Galicia exiliada en México e a Galicia interior, capaz de tecer asemade vínculos coa intelectualidade doutras orixes. Foi tamén un extraordinario activista cultural, promotor de iniciativas como o Padroado da Cultura Galega en México (creado en 1953), a revis-

ta Vieiros –da que foi director xunto con Carlos Velo e Luís Soto–, a audición radiofónica “Hora de Galicia”, que estivo en antena todos os domingos durante case dúas décadas, e de varias publicacións de carácter político e cultural. Por iso o seu Día das Letras Galegas será tamén unha homenaxe serodia a todo o exilio mexicano.

Comeza un ciclo de teatro en 36 concellos

Dez compañías actuarán dentro do circuíto de teatro profesional Aparte, organizado pola Vicepresidencia da Deputación en colaboración con concellos e asociacións. Trécola, Titiriterra, Mircromina Teatro, Lílâ Teatro, Ubú Teatro, Señor López Producións, Ítaca Teatro, Pinconús Teatro baixo da area e A compañía solitaria do Dr. Monifate xirarán polas comarcas da provincia con montaxes para distintos públicos. A programaciónponse en marcha coa mesma fórmula que o ano pasado para facilitar que concellos e asociacións teñan marxe para cambios ou aprazamentos de datas, en función da situación sanitaria. Na presentación do circuíto, acompañada por integrantes de Ubú Teatro, Pínconús e Ítaca Teatro, a vicepresidenta da Deputación, Maite Ferreiro, sina-

lou que coa organización deste ciclo se “mantén o apoio á rede de compañías de teatro e facilita que todas as persoas poidan disfrutar das artes escénicas e da actividade cultural en todo o territorio”.

O calendario inclúe representacións nos concellos chairegos de Riotorto, Meira, A Pastoriza, Pol, Friol, Rábade, Guitiriz, Vilalba e Xermade. Maite Ferreiro agradeceu “a colaboración de concellos e asociacións para levar a cabo esta programación teatral”.

Así, o 17 de xullo a obra O vixiante dos sonhos de Ubú estará no Incio ás 19.00 horas, o 24 de xullo poderase disfrutar de Poeta en Nova York de T. B. Area en Sarria ás 22.30 horas e o 28 de decembro, Belarmina, a fabulosa Velutina, de Titiriterra estará en Sarria ás 17.00 horas.

O PP anuncia as obras de mellora na estrada entre A Pobra e O Incio

Remataron estes días as obras de mellora do firme na estrada LU-653, que conecta A Pobra do Brollón co Hospital do Incio tras tres semanas. Así pois, investíronse 85.100 euros na mellora de case 11 quilómetros da vía –desde o punto 3,200 ata o 14,100 –, dentro do termo municipal da Pobra do Brollón. A intervención consistiu na reparación localizada do pavimento nos treitos que o precisan e a aplicación posterior dun dobre tratamento superficial de regos asfálticos con grava.

As obras foron executadas pola Axencia Galega de Infraestruturas (AXI) con cargo ao contrato de con-

servación ordinaria e vialidade invernal das estradas da Zona Sur da provincia de Lugo.

O Goberno avanzou que se ten previsto realizar unha mellora integral do firme na estrada LU-653 entre A Pobra de Brollón e o Hospital do Incio, que se engadirá ás obras de rexeneración puntual que neste momento xa está a realiza.

Recoñecen que “o estado do pavimento desta estrada na actualidade non é bo, motivado principalmente polas duras condicións meteorolóxicas que padece, sobre todo no inverno, que dan lugar a fochancas, fisuras e peladuras no seu firme”.

Comezan as obras en dúas estradas que unen Sarria e Samos



Unha imaxe do comezo das obras

Xa se iniciaron os traballos de mellora de dúas estradas provinciais ao seu paso por Sarria.

Trátase da LU-P-5602, que une Sarria con Samos por Pintín; e a LU-P-5702, de Pedrafita a Vilanova de San Vicente por Sabadelle, actuacións ás que a Deputación de Lugo destina un investimento de 200.000 euros.

Estas dúas estradas son eixos fundamentais para as comunicacións da veciñanza da comarca. Os traballos consisten na reapertura de cunetas, pavimentación en quente e sinalización horizontal mediante marcas viarias brancas.

Na LU-P-5602, que pasa polas pa-

rruquias de Calvor, Aguiada e San Mamede do Camiño, mellora un treito de 2 quilómetros, dende o punto quilométrico 15,5 ata o 17,5. Estas actuacións engádense ás xa executadas con 173.000 euros entre os puntos 11,8 e 15,4. Coa realización destes traballos, beneficiaranse preto de 300 veciños da zona e peregrinos, posto que se atopa no Camiño Francés.

Na LU-P-5702, acondiciónanse os primeiros 2,6 quilómetros desta estrada que comunica os concellos de Sarria e Samos e conecta os núcleos rurais do Mato, Santo Estevo, San Vicente de Froián, Suñide e Teibilide.


Proxectan a apertura de dúas casas niño en Samos e O Incio

A Xunta publicou no Diario Oficial de Galicia (DOG) a resolución das axudas para a creación de 16 novas casas niño no rural, o que supón acadar as 93 en toda a Comunidade, catro delas na provincia de Lugo.

Actualmente Galicia dispón de 77 destes recursos de conciliación en municipios de menos de 5000 habitantes. Con esta, a sexta convocatoria desde que se puxo en marcha o programa no ano 2016, chegaranse ás 93 casas e ás 465 prazas de atención para nenas e nenos de 0 a 3 anos, 100% gratuítas para as familias. En concreto, as persoas beneficiarias proxectan a apertura de casas niño en catro concellos da provincia de Lugo (Samos, Castroverde, Rábade e O Incio), oito en Ourense (Entrimo, Maside, A Mezquita, A Veiga, Quintela de Leirado, Monterrei, Castrelo de Miño e Pontedeva), tres na Coruña (Paderne, Frades e Santiso) e un en Pontevedra (Cuntis).

Os beneficiados contun cun prazo de dez días para aceptar a axuda. Así mesmo, terán dous meses para achegar toda a documentación requirida se non o fixeron no momento da solicitude e acreditar que o inmovible onde se vai poñer en marcha o servizo está acondicionado.

As casas niño son un servizo de atención á infancia para os concellos do rural que ofrecen unha atención totalmente gratuítas para as familias, próxima e individualizada para os máis pequenos. Cada centro pode acoller ata a cinco nenos.



MARQUESIÑAS. Instaláronse 28 marquesiñas nas estradas lucenses ao abeiro do Plan de mellora de refuxios de paradas dos servizos de transporte público. Case unha trintena foron colocadas en 18 concellos lucenses, as dúas últimas instaladas recentemente en Outeiro de Rei.

láncara



Área recreativa da Pobra

Xa se recomenda o baño na área recreativa da Pobra

Dende Sanidade xa recomendan o baño na área recreativa da Pobra de San Xiao, tralo comunicado durante o mes anterior de que estaba prohibido o baño.

Trala comprobación e análise das augas por parte do organismo oficial, o Concello tamén encargou as súas propias probas en varias zonas do curso do río "das que aínda está á espera dos resultados", din dende o Concello.

O PP pide pasos de peóns elevados na avenida de Valdriz

O portavoz Santiago Cubillas e o concelleiro popular en Láncara, Arturo Sobrado trasladaron a proposta do Grupo Municipal do PP para a creación de pasos de peóns elevados na avenida de Valdriz aproveitando os traballos de aglomerado da vía correspondentes ao proxecto de construción da senda peonil e ciclista e de ampliación da ponte de Valdriz no que se invisten máis de 700.000 euros.

Foi no transcurso dunha reunión cos representantes da Xunta na provincia cando lle fixeron saber de primeira man esta iniciativa que os populares defenderon ata dúas ocasións no pleno da corporación facéndose eco das demandas dos veciños.

Cubillas explica que "están en execución as obras para ampliar a ponte e crear unha senda peonil e ciclista na zona". Nese sentido, engade que "lle plantexamos á Xunta que estude a posibilidade de dotar de pasos de peóns elevados ao primeiro quilómetro da vía LU-621 dende a saída do núcleo da Pobra e a zona residencial da urbanización de Valdriz aproveitando os traballos de aglomerado que están a piques de acometer".

Este tramo coincide coa zona urbana e, polo tanto, rexistra un maior tráfico de peóns que tamén poderán usar a senda peonil que se está a construír. Polo tanto, de cara a garantir a súa seguridade, "cremos conveniente instalar pasos de peóns elevados como medida de control da velocidade dos vehículos".

Unha familia pide axudas para persoas con enfermidades raras

Rodrigo, o neno de Láncara de 15 anos que sofre unha enfermidade rara contará con persoal de apoio para realizar actividades de verán que organiza o Concello, así como con novo material ortopédico que precisa para mellorar a súa calidade de vida.

Así o anunciou o alcalde de Láncara, Darío Piñeiro, tras manter o pasado xoves unha xuntanza coa súa familia e con Rodrigo, na que tamén participaron a voceira de Sanidade no Congreso, Ana Prieto, o secretario de organización do PSdeG, José Antonio Quiroga, así como a responsable da Concellería de Servizos Sociais, Begoña López.

"Rodrigo precisa axuda nestes intres, e xa anunciamos que dende o Concello de Láncara iamos a colaborar coa súa familia en todo canto estea ao noso alcance para mellorar na medida do posible a súa situación. E aínda que non é unha competencia municipal, asumiremos estas novas



A comisión que recolle doazóns

dotacións coa esperanza de que Rodrigo poida vivir máis comodamente e ter unha meirande calidade de vida na súa vila", dixo Darío Piñeiro.

"Polo tanto mobilizaremos a través das axudas sociais das que dispón o Concello, os recursos necesarios para dar resposta as peticións que require á familia para atender a Rodrigo nestes intres. É o noso deber, e entre to-

dos temos que conseguir que Rodrigo poida vivir e desfrutar aquí, con todos nós", dixo o rexedor.

CAMPAÑA. Rodrigo é un menor de Láncara afectado por unha enfermidade rara, por iso a súa familia puxo en marcha unha campaña en www.osoigo.com, dirixida ao Congreso, para demandar máis investigación e axudas para estes casos.

Continúan as actuacións da campaña Poñamos de moda a igualdade



Alumnos do CPI Ramón Piñeiro

O alcalde de Láncara, Darío Piñeiro, e a Concelleira de Muller e Igualdade, Begoña López, fixeron entrega aos alumnos e alumnas do CPI Ramón Piñeiro dunhas mochilas e sudaderas que forman parte da campaña Poñamos de moda a Igualdade, levada a cabo polo Concello. Esta acción de sensibilización, que ten como destinatario directo o alumnado, é o colofón doutras actuacións que se pro-

moveron dende o Concello para a prevención da violencia de xénero: obradoiros de educación emocional, teatro das emocións nas primeiras etapas educativas e teatro foro na ESO. Dende o Concello defenden que aínda que son conscientes de que queda moito por facer, intentan que este tipo de accións, dirixidas á educación nas idades máis temperás, contribúan á educación en igualdade.

A Deputación proxectará a película 'Cuñados' en Láncara o 7 de agosto

A Vicepresidencia da Deputación de Lugo promove proxeccións na rúa da película *Cuñados* en doce concellos entre os que se atopa Láncara, que terá lugar o 7 de agosto. Está organizado en colaboración de distintas asociacións.

O responsable de Cine na rúa, Xoan Mariño, destacou que "o filme poida verse en sesións de cine na rúa, en vilas e localidades pequenas, ao tempo que segue nos circuitos comerciais é algo inédito xa que, explicou, este tipo de iniciativas non adoitan levarse a cabo ata un ano despois da estrea das películas". Pola súa banda, Alfonso Pérez Montaña, agradeceu "o apoio da Vicepresidencia á difusión do cine en galego" e convidou á veciñanza "a botar unhas risas co filme".

Dirixido por Toño Pérez e cun elenco formado por actores e actrices como Xosé A. Touriñán, Miguel de Lira, Federico Pérez, Eva Fernández ou Iolanda Muiños, entre outras, o filme, rodado en plena pandemia en localizacións de Ourense, estase a converter nunha das estreas do ano. Mantense en salas comerciais de Lugo, Coruña e Compostela despois de doce semanas na carteleira.

O PSOE denuncia a falta de sanitarios no centro de saúde



Centro de saúde

Os socialistas de Triacastela denuncian que están sen médico para atender aos 600 veciños e veciñas da vila. "Esta é a política sanitaria do PP, abandonar a todo un pobo. Non podemos continuar con este castigo sanitario, e mentres a alcaldesa e todo o seu Goberno sigue impasible, sen mover un só dedo para arranxar esta situación".

Os socialistas din que "nestes intres o centro de saúde só dispón dun só médico, unha ATS e un PSX para a atención sanitaria no Concello. Pero dende fai un tempo a médica de Triacastela está de baixa, e a día de hoxe o SERGAS non contratou a ningún facultativo para substituíla, polo tanto os doentes son atendidos polos sanitarios do PAC de Sarria, o que fai que cada día é un médico distinto o que realiza a consulta no Centro de Saúde de Triacastela".

Diante deste panorama, "coñecemos ademais pola propia veciñanza que esta situación vai empeorar, xa que temos coñecemento de que no Centro de Saúde de Triacastela soamente vai consultar un médico tres días na semana do PAC de Sarria o luns, o xoves e o venres. E mentres os restantes días, é dicir, martes e mércores, o que precise consulta médica terá que desprazarse ao Centro de Saúde de Samos", advirten.

SINTRÓN OS MÉRCORES. "Ademais hai que lembrar que os mércores é o día que están programados os controis de Sintrón na veciñanza. Polo tanto, tódalas persoas que teñen que realizar eses controis terán que facelos en Samos, estamos falando de persoas de idade avanzada que en moitos casos non dispoñen de medio de transporte para acudir á consulta", denuncian.

CAMIÑO DE SANTIAGO. Dende a Agrupación Socialista de Triacastela engaden que esta situación vese agravada "co incremento da poboación vacacional e sen esquecer que estamos en pleno Xacobeo 2021-2022, e xa se está a notar o incremento de xente que fai o Camiño de Santiago, o que fai que a presión asistencial aumente considerablemente no Centro de Saúde de Triacastela", insisten.

Triacastela celebra o 18 a súa segunda Festa do Peregrino

Triacastela celebra o vindeiro 18 de xullo a II edición da festa do Peregrino, unha xornada que contará con exposicións, actividades e concertos que amenizarán e encherán a vila dun ambiente festivo -coas medidas de seguridade sempre presentes-. Así pois, o Concello informou que volta unha festa que se iniciou no 2019 e que, por causas da pandemia, non se puido levar a cabo no ano 2020. A xornada estará cargada de actividades e actuacións dirixidas a todos os veciños, veciñas e peregrinos, a quen se lles adica esta celebración. Desta maneira, a festa comezará pola mañá cunha pe-

regrinaxe de tractores do Museo Vivo e Integrado do Campo e a Locomoción Agraria -Muvicla-. A continuación, será o turno da inauguración da exposición Triacastela subterránea, unha exposición sobre as covas de Eirós, unha cova prehistórica de gran valor histórico e cultural para a vila.

O pregón virá a cargo do xornalista de Samos e doutor en Socioloxía e Ciencia Política, Lois Celeiro. Pola tarde, a xornada estará amenizada por unha obra de marionetas e por unha obra de teatro, que traerán a Triacastela dúas formas literarias diferentes dirixidas a todos os

públicos.

Para rematar, a vila acollerá un concerto da cantante do Incio, Lucía Pérez que achegará a súa música nunha xornada de ambiente festivo e divertimento no que, a súa vez, se van a levar as medidas sanitarias correspondentes.

Dende o Concello recordan a importancia do festexo por ser unha homenaxe aos peregrinos que camiñan ata Santiago. Ademais, sinalan que é unha forma de que veciños e peregrinos compartan unha xornada de lecer, protagonizada pola música, as actividades e o bo ambiente.

“Somos un pobo cunha forte vocación Xacobeá”

Olga Iglesias, alcaldesa de Triacastela, fala sobre esta festa tradicional

A alcaldesa de Triacastela, Olga Iglesias, comenta a celebración da festa do Peregrino deste ano que se levará a cabo o vindeiro 18 de xullo.

Que aspectos destacarías da vila de Triacastela?

O Camiño de Santiago e a gandería. Neste segundo punto, refírome a todo o relacionado cos produtos da gandería que se producen aquí. Os produtores locais que están servindo e poden servir máis para que se promocionen entre os peregrinos.

Que melloras considera que se poden levar a cabo en Triacastela?

Unha actuación que queremos levar a cabo é interconectar catro rutas de senderismo diferentes que temos, entre sí, co fin de ofrecer unha oferta máis ampla. Ademais, temos que seguir mellorando o Camiño de Santiago, centrándonos especialmente no casco urbano de Triacastela.

Aumentou a afluencia de peregrinos na vila?

Aumentou bastante a verdade. Dende hai un mes ou mes e pico, e quizais xa se nota dende despois de Semana Santa, xa comecemos a ver xente polo pobo

e de feito, cada vez vese máis. Dende logo non se achega ao que é un Ano Santo normal pero comparado ao que estabamos acostumados ultimamente, sí que é certo que se empeza a animar o pobo e que todos os comercios volven a abrir.

Estase vendo entón algo de recuperación?

Está habendo un repunte sí, pero facer un repunte cando partes da nada é moi fácil. Si as condicións sanitarias nolo permitisen e non houbera brotes sí que estaría todo en bon camiño. Sin embargo, temos que insistir en ser coidadosos.

No 2019 celebrouse a primeira Festa do Peregrino, vaise levar a cabo este ano? Por que nace este festexo?

Sí que se celebra. A Festa do Peregrino nace por dúas cuestións. Primeiro porque nós somos un pobo cunha forte vocación Xacobeá, somos final de etapa dende o Códice Calixtino, é dicir, xa dende aquelas aparecíamos como final de etapa. Por outro lado, creo que o peregrino merece que lle adiquen unha festa na que veciños, veciñas e peregrinos poidan mesturarse, aínda que agora vai ter que facerse con moito máis coidado.

En resume, por esas dúas razóns, pola forte vocación Xacobeá de Triacastela, máis pola necesidade de rendirle unha homenaxe aos peregrinos que van a Santiago e aos que considero que non se lles rinde suficiente homenaxe.

Tivo boa acollida?

Sí, a vez anterior que a fixemos tivo moi boa acollida. Tiñamos programado para o 20 pero non pudo ser. O certo é que tivo moi boa acollida e xerou moitas expectativas que, coma todo, se viu trucada no ano 2020. Por iso, queremos retomar e iniciar timidamente con moito sentidío e con moito coidado a recuperación e iniciar, esperemos, unha era postcovid.

Como valora o programa da festa?

A xornada vai comezar cunha peregrinaxe de tractores históricos do museo Muvicla. Despois vai haber a inauguración dunha exposición das covas que hai en Triacastela, que se vai chamar Triacastela subterránea. O pregón estará a cargo de Lois Celeiro e a continuación, xa pola tarde realizarase unha obra de marionetas, unha obra de teatro e para rematar o concerto de Lucía Pérez.



Chega o curso 'Paisaxes con enerxía' no mes de setembro



Unha vista de Triacastela

O curso *Paisaxes con enerxía*, organizado e dirixido por Rubén C. Lois González e Marta Somoza Medina, trasladará a Universidade de Verán 2021 ao Ceip Eduardo Cela Vila de Triacastela entre os días 6 e 9 de setembro.

As persoas interesadas en consultar o programa poden facelo a través da páxina da USC. A oferta desta edición inclúe en total 31 cursos, seminarios e encontros nos Campus de Santiago e Lugo, así como en diferentes concellos da provincia.

O número de prazas do curso é de 24 polo que é preciso inscribirse antes do 25 de agosto. Durante estes catro días realizaranse charlas sobre a paisaxe e sobre as diferentes enerxías, así coma traballos en grupo e excursións para unha noção maior das aprendizaxe adquirido.

Unhas xornadas que buscan enriquecer aos participantes con coñecementos teóricos que poden visualizar ao aire libre e compartir a través de traballos e actividades en grupos.

samos

A exposición de Martín Padrozelos abre os actos da feira de Turismo

A exposición *De Amor e de Amigo, as cantigas de Martín de Padrozelos*, inaugurouse no Concello de Samos.

Trátase dunha mostra que transmite e fai visible a importancia da lírica galega na Idade Media. É de carácter divulgativo, axudando a coñecer a Martín de Padrozelos, que no dicir do profesor, Xulio Pardo de Neyra, é o primeiro escritor coñecido da literatura galega, “un poeta cuxo nome sería Martín Pérez de Padrozelos, con vinculacións co mosteiro de Samos e as terras do Incio, fundamentalmente de San Salvador e o Val do Mao.

O grupo A Quenlla musicou as dez cantigas deste trobador.

Samos realizará o vindeiro 8 de agosto de 2021 a feira de turismo. Así pois, a xornada estará protagonizada por actividades e actuacións dirixidas a todos os veciños, veciñas e visitantes.

A xornada comezará pola mañá onde se fará a presentación do trobador Martín de Padrozelos, un xograr galego compositor de cantigas en lírica galego-portuguesa. Despois diso, o grupo A Quenlla, grupo de música tradicional galega, cantará diferentes cantigas do trobador. A actuación terá unha duración dunha hora aproximadamente.



Arriba, a inauguración da mostra, e, abaixo, unha celebración anterior

Xa pola tarde, colocárase unha pantalla no centro de Samos para promocionar o municipio. Ademais, haberá actuacións de diferentes grupos que amenizarán a xornada, entre a que se atopa Pili Pampín.

FEIRA DE LÓUZARA. Así mesmo, dende o Concello de Samos tamén destacan a feira en Lóuzara que se levará a cabo o 17 de agosto. Esta feira, que se caracteriza pola artesanía, celebrárase sempre e cando a situación sanitaria o permita.

O Concello recibe unha axuda de Apról rural para a contratación dun peón forestal

O Concello de Samos dá a coñecer as bases da convocatoria de oferta pública de emprego mediante o sistema de concurso-oposición para o posto de peón forestal. As probas ás que se terá que presentar todo aquel que participe serán unha proba de galego, así coma unha proba práctica, que contarán 24 puntos. Outros nove puntos serán os que se consigan pola fase de concurso.

O contrato é temporal, polo que a súa duración é de nove meses. Entra na concesión dunha axuda do programa Apról rural, co que se pretende favorecer a contratación dunha persoa desempregada do ámbito rural.

As persoas que participen na selección deberán ter máis de 16 anos, estar inscritos no Servizo



Público de Emprego de Galicia e non terse beneficiado de ningunha axuda de emprego nos meses anteriores.

A este fin diríxese unha axuda de 13.750 euros. A persoa contratada terá unha xornada completa e o seu salario será de 1.166,67 euros brutos ao mes. As labores que deberá executar serán de limpeza de accesos a zona forestal. Así pois, para máis información pódese consultar a sede electrónica na páxina web do concello.

Luz verde á solicitude para investir na mellora de estradas

A Deputación de Lugo aprobou este venres as solicitudes dos concellos do Incio e Baleira para investir remanentes do Plan Único 2020 por un importe total de 56.500 euros. O municipio da comarca de Sarria solicitou empregar 43.000 euros para o acondicionamento e a mellora de accesos nos núcleos de Romariz e Santo Eufrasio.

Pola súa banda, Baleira destinará 13.500 euros para o for-

migonado dun camiño na Carraceira.

“A Xunta de Goberno desta semana é un exemplo máis do compromiso deste Goberno e do presidente coa rede viaria provincial. Cada venres estamos aprobando novas actuacións importantes nas estradas de titularidade provincial, o que dá boa conta de que a mellora das comunicacións é unha prioridade”, destacou a deputada provincial.

Abre a inscrición para o campamento de verán

O Concello do Incio abre as inscricións para os nenos e nenas que queiran participar no campamento urbano de verán gratuíto que se levará a cabo nos meses de xullo e agosto. Os asistentes ao campamento realizarán diferentes actividades de ocio e tempo libre con monitores especializados. Os campamentos desenvolveranse na Cruz do Incio en horario de luns a venres de 10.00 a 14.00 horas.

Aqueles que queiran participar ou que estean interesados, poden conseguir máis información ou inscribirse nas oficinas do Concello ou a través do teléfono



982 42 70 14. Esta actividade enmárcase dentro do Plan de Conciliación do Concello do Incio do que forman parte tamén o servizo madrugadores e as actividades extraescolares durante o curso e conta coa financiación da Secretaría Xeral de Igualdade e a Unión Europea.

o páramo

A construción do anfiteatro está a piques de iniciarse

O inicio das obras do anfiteatro no penedo do campo da feira están a piques de comezar. Así o comunicou o alcalde, José Luís López, que tamén sinalou que a empresa adjudicada -Cholo SL- xa viñera medir e que xa tería que ter empezado “queríamola iniciar canto antes e, en principio, neste mes ou como moi tarde no seguinte, comezarán cos traballos”.

Unha das finalidades deste proxecto é poñer en valor a zona dende un punto de vista xeolóxico e turístico. A instalación situarase diante do centro de saúde da localidade e a coñecida como casa do médico, onde se sitúa a gran rocha, en forma de media lúa, que se aproveitará para crear o anfiteatro. Así

mesmo, será o primeiro anfiteatro de Galicia tallado nunha pedra viva con máis de 200 millóns de anos de antigüidade.

Ademais, o obxectivo é destinar o novo espazo a actividades culturais e mesmo servir de complemento a actividades infantís. Por outra banda, continúan as obras nas estradas. Na pista que sae do campo da feira ata Villasante os traballos xa se remataron e consistiron nun asfaltado en quente.

Así pois, outras que se van amañar proximamente serán: a pista que vai de San Vicente a Teiquesoi, unha pista en Villaeiriz, outra en Friolfe, outra na igrexa de Grallas e un camiño no agro; todas elas pertencentes ao Plan Único do ano pasado.

A Xunta de Goberno licita a adxudicación dun automóbil pick up para servizos locais

O Xunta de Goberno do Concello de Samos aprobou na súa última sesión o expediente de contratación do suministro dun vehículo ao que destina algo máis de 27.000 euros. Os fondos proceden do fondo de tesourería.

O vehículo é unha camioneta pick up que ten como finalidade levar a cabo diferentes servizos municipais.

Dende o día 22 de xullo, todos os interesados e interesadas poderán presentar a súa oferta no Concello de forma presencial, de luns a venres de 9.00 a 14.30 horas. Así pois, a adxudicación farase mediante procedemento aberto simplificado sumario.

Para máis información ou para calquera dúbida pódese contactar co Concello a través do teléfono 982 546 002 ou na páxina web.

O Concello mellorará a xestión de residuos cun punto limpo móbil



Vehículo do punto limpo móbil

Achegáronse 56.600 euros ao Concello do Incio para mellorar a xestión de residuos no municipio mediante a posta en servizo dun punto limpo móbil. O alcalde do Incio, Héctor Corujo, coñeceu o novo equipamento adquirido pola entidade local coa colaboración da Xunta, que consiste nun camiión con grúa e caixa que servirá para levar ás diferentes parroquias o servizo

de recollida de residuos como aceites vexetais usados, téxtiles, restos voluminosos ou medicamentos, entre outros. Explicou que esta colaboración enmárcase na orde de axudas en materia de residuos de competencia municipal, co obxecto de favorecer a adecuada recollida e clasificación do lixo doméstico.

A IX edición do Rally Turístico Terras do Incio xa ten data

A organización do Rally Turístico Terras do Incio comunicou que xa comezaron a “quencer motores para a edición deste ano”, que arrincará o 1 de setembro percorrendo diversas localidades galegas “a bordo dos seus clásicos”. “Sempre temos lugares inéditos que visitar, disfrutando de paisaxes, monumentos e gastronomía”, engadiron.



O Concello anuncia as obras de automatización do proceso de abastecemento da auga

O Concello do Incio comezará, nun período breve de tempo, cos traballos de automatización do proceso de abastecemento da auga. Este proxecto controlará o nivel dos depósitos cando encenden as bombas entre outras medidas que se atopan dentro deste proceso da auga. O obxecto destas obras é que o servizo mellore e evite as interrupcións de

suministros, entre outras. A obra entra dentro do Plan Único da Deputación de Lugo e dende o Concello informan que están á espera de que se suministren as pezas necesarias para comezar a obra. Así mesmo, se é posible este comezo e se non hai retrasos, espérase que o remate das obras se produza antes do mes de agosto.

“Tiven sorte de dar cun profesional que me ensinou moitas cousas”

Álvaro Pereiro é o escultor e fundador do Museo de Pedra

O Museo de Pedra do Incio cumpre 23 anos de actividade e, a pesar da pandemia, non pechou as súas portas. Falamos con Álvaro Pereiro o escultor que o fundou.

Dende cando está activo o museo?
Está en funcionamento dende 1998.

Por que naceu a idea?
Eu facía esculturas e, ademais, tiña algunhas pedras arqueolóxicas que, creando o museo, se legalizaban. Pareceume unha boa idea dalo a coñecer de forma gratuíta para todos os públicos xa que, ao fin e ao cabo, é un hobby.

Entón, o museo está composto polas súas esculturas, ademais dalguna pedra arqueolóxica?
Sí, miñas hai ben delas. Outras moitas están gardadas para non recargar o ambiente.

Como foi a acollida do museo dende o seu inicio?

Sempre tivo boa acollida e, de feito, fixéronse tamén excursións. Agora coa pandemia parou todo e é normal. O museo son 50 metros cadrados e estaba previsto para 25/20 persoas; a día de hoxe tan só poderían estar visitándoo ao mesmo tempo 5 e é por iso polo que, a pesar de que actualmente está aberto para calquera persoa que queira visitalo, é preciso pedir cita previa antes de vir. Por outro lado, na pandemia tívono pechado con algunhas excepcións xa que houbo xente que me pediu visitalo para escribir sobre el.

Cal foi a obra que máis significou para vostede?

A verdade é que fixen moitas e non teño unha predilecta. Foron moitos escudos, escudos heráldicos, entre outras cousas. De feito, moitas veces unha obra significa máis polo material que se emprega que pola escultura en sí. Ademais depende dos gustos de cada persoa, por exemplo, unha obra que tivo a súa aceptación foi o mural sobre Sarria. Sen embargo, non podería quedarme con ningunha en concreto.

Dende cando leva no mundo da escultura?

Levo dende o ano 92. Sempre tiven a idea e acompañoume a sorte de dar cun bon profesional que me ensinou moitas cousas. Despois, eu cotinuei coa aprendizaxe a base de ler e estudar. Dende que che ensinan unha parte despois xa te fas ti. De feito, moitas veces non é só coñecer a es-



Imaxes do Museo da Pedra, no interior e no exterior

cultura, moitas veces é a clase de pedra por iso hai que tela sempre presente e, quizais, non tanto coa vista senón máis co oído. Cando tallas é fundamental ter o oído fino porque tan só por iso, pódese saber se a pedra pode romper. Por exemplo, cando se abre unha fenda pequena

Samos eu tiña sobre 12 anos e xa me puxo cun martelo a cortar o que se chaman os cadelos. Se o son era moi vivo a pedra non valía.

Ten actualmente algún proxecto pendente?

Agora mesmo teño que facer uns capiteis de mármore por esta zona.

Antes falou de que os materiais eran moi importantes, ten preferencia por algún mármore en particular?

O mármore do Incio, por exemplo, é do século IV d.c. aproximadamente e sempre tivo unha importancia bastante grande polo que teño traballado moito con el. Outro co que traballo é co de Lóuzara que, a diferenza do do Incio, antes non se traballaba con el porque non había como transportalo. Sen embargo, non teño preferencia por ningún dos dous, de feito, outros cos que se traballa ben é co de Carral, cun de Almería e cun italiano, cos que se empregan outro sistema de traballo. Ademais, non sempre traballo en mármore, tamén emprego granito e pizarra e, dependendo do traballo, emprego un ou outro. De feito, eu comecei con pizarra e, a pesar de iniciarme nese material, o mármore é moi similar.



sona coma unha campá rota e, se iso ocorre, tes que cambiar e comezar a traballar por outro lado. Eu estou moi acostumado a iso porque meu pai era louseiro e fendía lousa e, de feito, cando el lousou o convento de

Paradela organiza viaxes á praia en xullo e agosto

O Concello de Paradela organiza viaxes á praia nos vindeiros meses de xullo e agosto.

As saídas previstas para o mes de xullo son: o día 15 a Foz, o día 22 a Samil e, finalmente, o día 29 a Boiro. En canto ao mes de agosto, tamén se realizarán 4 saídas. A primeira será á praia de Miño o día 5, o día 12 será o turno de Viveiro, o 19 será Ribeira e, para rematar, o día 26 o viaxe será a Pontedeume. A hora de saída dos viaxes será ás 9 horas, diante do mercado gandeiro de Paradela, excepto o día 22 de xullo



-cando se realice á praia de Samil- que a saída será ás 8 horas. As persoas que desexen participar nas saídas mencionadas anteriormente deberán anotarse previamente nas oficinas municipais do concello ou no teléfono 982 541 101.

O Concello anuncia un plan de renovación de vías municipais



O Concello ven de sacar un plan de rexeneración de vías municipais por un importe de máis de 400.000 euros. O plan de mobilidade sostible deuse a coñecer no consistorio onde se atopaba o alcalde José Manuel Mato, xunto co director do equipo redactor, Luciano Alfaya. Así pois, realizouse un proxecto -coa implicación de partidos e da cidadanía- para establecer cales son as accións prioritarias para Paradela.

As actuacións en vías que finalmente se levarán a cabo son as seguintes: no acceso a Nai, no acceso a Acevedo, no acceso a Edrada, no acceso a Camporredondo, no acceso a Outeiro de Santa Cristi-

na, no acceso a Vilachá de Castro de Rei, no acceso a Ferreiros, así coma a rexeneración do tramo do Camiño de Santiago Rozas a Moimentos e a mellora do firme no camiño do Coto.

O obxectivo do goberno local é mellorar as infraestruturas e servizos municipais co fin de mellorar a calidade de vida dos veciños e veciñas. Así mesmo, os traballos entran dentro do plan único da Deputación, o plan marco e unha axuda de turismo para a mellora paisaxística no Camiño.

Por outro lado, a idea é rematar as obras en setembro xa que algunhas xa están contratadas e outras atópanse en proceso de licitación.

A Xunta concede axudas para a rehabilitación de vivendas

O IGVS está a avanzar na resolución das axudas para a rehabilitación de vivendas. Grazas a estes proxectos disporanse de máis de 40 novos fogares para facilitar o acceso a unha vivenda en alugueiro a senllas

familias en toda Galicia. No tocante a Paradela serán 2 os inmobles. Así, o concello non terá que asumir o 100% do custo dos traballos para recuperar e mellorar o estado actual dos inmobles.

Paradela recibe 96.000 euros para rehabilitar a vella escola

Paradela recibe 96.000 euros para rehabilitar a vella escola situada nun terreo que dá en parte á rúa Galicia, que dispón de dúas casas no segundo andar. Esta iniciativa dará lugar a dous domicilios unifamiliares con estrada individual e instalacións independentes, que disporán de dúas habitacións, un salón comedor, cociña e baño. Para acadar unhas boas condicións de habitabilidade e confort, será necesario renovar a cuberta, cambiar as carpinterías exteriores, rehabilitar as fachadas e urbanizar o acceso á parcela pola parte traseira, entre outras actuacións.

A finalidade desta axuda é facilitar que os concellos que teñen demanda de vivenda de promoción pública poidan crear un parque residencial para ofrecelo en réxime de arrendamento.

CARACTERÍSTICAS DO PROGRAMA. O programa de rehabilitación de vivendas de mestres, outros oficios e outras vivendas de titularidade municipal está dirixido a



Concello de Paradela

facilitar aos concellos a creación dun parque público de vivenda municipal en réxime de alugueiro, ao tempo que fomenta a rehabilitación de inmobles xa existentes. Poden acceder a estas axudas os concellos de menos de 20.000 habitantes que teñan veciños inscritos no Rexistro de Demandantes de Vivenda de Galicia (polo menos tantos como vivendas se pretende rehabilitar).

Unha vez rehabilitadas, as viven-

das destinaranse, en réxime de alugamento, a unidades de convivencia con escasos recursos económicos (menos de 2,5 veces o Iprem) durante un prazo non inferior a 20 anos.

A axuda da Xunta ascende ao 90 por cento do custo da actuación, cun límite de 40.000 euros por vivenda, que se pode incrementar ata os 48.000 euros se están em- prazadas en ámbitos históricos ou dos Camiños de Santiago.

Poñen en valor o quilómetro 100 do Camiño Francés

En Paradela, o Mitma está a executar unha actuación para a recuperación e posta en valor do núcleo rural tradicional da Pena, con un investimento de 534.651 euros.

Esta actuación, que comezou na primavera, está financiada en exclusiva polo Ministerio que tamén asume os honorarios pola redacción de proxecto e dirección facultativa das obras.

O proxecto de recuperación do núcleo tradicional da Pena, que pertence á parroquia de Ferreiros e forma parte da etapa Sarria-Portomarín do Camiño Francés, céntrase na traza do Camiño de Santiago e na zona interior do núcleo e supón a realización de traballos nunha superficie aproximada de 1.700 metros cadrados.

A actuación inclúe a dotación dos servizos de abastecemento, saneamento, rede de pluviais e o soterramento dos tendidos aéreos de baixa tensión e alumeadado.



A Cansera do Camiño onde se sela o quilómetro 100

Esta obra forma parte do programa de intervencións de interese cultural do Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana que ten por obxecto a mellora do Camiño a Santiago ao seu paso por dez concellos das provincias de Lugo e A Coruña. Na provincia de Lugo, o programa abrangue intervencións en localidades

como Palas de Rei, Portomarín, Paradela, Sarria, Triacastela, Monterroso e Pedrafita do Cebreiro.

Os traballos de posta en valor do núcleo da Pena teñen un prazo de execución de dez meses e a súa execución foi adjudicada polo Ministerio á empresa Construcciones Taboada y Ramos, S.L.

SARRIAXA

NOVO XORNAL GRATUÍTO

A INFORMACIÓN LOCAL
NA TÚA MAN

SÉ O PRIMEIRO EN COÑECER
AS NOVAS DA COMARCA

VISITA A NOSA WEB
www.sarriaxa.com

661 464 323 - redaccion@sarriaxa.com

AGRO

ELISARDO BARCALA



A mellora xenética do porco celta recibe unha achega



Exemplares de porco celta, nunha explotación

A Axencia Galega da Calidade Alimentaria (Agacal) achegará un total de 123.438 euros para financiar un programa de avaliación do porco celta que ten como principal obxectivo favorecer a selección e mellora xenética que permita garantir a continuidade desta raza autóctona galega.

Trátase de deseñar un procedemento de avaliación xenética de individuos desta raza que poida permitir o establecemento dun programa de aumento da súa poboación e definir liñas xenéticas reprodutivas, multiplicativas e de produción.

Así o avanzou o director da Agacal, José Luis Cabarcos, nunha visita a unha explotación de porco celta en extensivo no concello de Friol.

Para a realización destes fins, estableceuse un acordo de colaboración entre o Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo, adscrito á Agacal, a Asociación de Criadores de Raza Porcina Celta (Asoporcel) e o Centro Tecnolóxico da Carne (tamén dependente de Medio Rural). Este

convenio permitirá impulsar o devandito programa de valoración de animais reprodutores, que garantan a continuidade da raza, con liñas xenéticas ben diferenciadas en función de obxectivos de selección. A idea é establecer os mellores cruzamentos dispoñibles, co fin de obter información útil para as gandarías colaboradoras e para os propios xestores do libro xenealóxico da raza.

Ao tempo, contéplase o fomento dun sistema de aproveitamento silvopastoril con base nesta raza, que se considera do máximo interese para o aproveitamento de terreos infrautilizados e para a preservación e control da biomasa mediante a actividade propia destes animais. Así, valórase a súa potenciación mediante estudos e investigacións que melloren o seu posicionamento.

Actualmente están rexistrados en Galicia un total de 4.141 exemplares de porco celta, dos que 746 son nais e 181 sementais, nun total de 138 gandarías colaboradoras.

Case 4.000 galegos recibiron as axudas da PAC do ano 2020

Un total de 3.977 gandeiros e agricultores galegos recibiron da Xunta case 15 millóns de euros correspondentes ás axudas agroambientais e de agricultura ecolóxica da campaña de 2020 da Política Agrícola Común (PAC). En concreto, polas achegas de agroambiente e clima repartíronse 12,9 millóns e polas de agricultura ecolóxica algo máis de dous millóns de euros. O Diario Oficial de Galicia (DOG) publica hoxe a resolución do Fondo Galego de Garantía Agraria (Fogga), dependente da Consellería do Medio Rural, que permite consultar estes beneficiarios, así como o importe das axudas concedidas. Nunha orde publicada en febreiro do ano pasado, a Consellería regulou a aplicación dos pagamentos directos



á agricultura e á gandaría, así como as axudas ao desenvolvemento rural suxeitas ao sistema integrado de xestión e control, no marco da PAC. Cómpre sinalar que estas achegas están cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader).

Cabe recordar que as axudas da PAC

son de gran interese para o sector primario, xa que contribúen a reducir as diferenzas entre a renda agraria e a urbana. Deste xeito, perseguen compensar aos agricultores e gandeiros pola súa prestación de servizos esenciais, co obxectivo de que poidan competir con outros países ao tempo que atenden ás esixencias específicas dos consumidores e consumidoras europeos.

Por último, cómpre lembrar que todos os que queiran consultar os beneficiarios das axudas agroambientais e de agricultura ecolóxica da PAC 2020, así como os importes concedidos, poden descargar a aplicación móbil Sga@pp e revisar as resolucións completas das solicitudes indicadas.

Dermatite alérxica por picadura de pulga

APUNTAMENTOS VETERINARIOS



Breixo González

Hoxe imos falar dun problema moi común causado por un parásito moi común. Imos falar da Dermatite Alérxica por Picadura de Pulga.

A dermatite alérxica á picadura das pulgas (DAPP) é unha reacción alérxica debida aos antígenos contidos no cuspe das pulgas. É a afección cutánea máis frecuente en cans e gatos en lugares cálidos e máis ou menos húmidos (costa de Galicia). En zonas cun clima máis duro (como a Terra Chá) adoita ser un proceso estacional, (por desgraza o cambio climático e a subida das temperaturas invernales, está a facer que desapareza esa estacionalidade). Con todo, unha vez establecido o estado alérxico basta unha picadura semanal para o seu mantemento, polo que adoita converterse nun proceso crónico. A infestación por pulgas non conleva necesariamente a unha DAPP, polo que non hai que confundir os dous procesos. A DAPP é rara atopala antes dos 6 meses de idade e adoita presentarse entre o ano e os 3 anos, aínda que algúns autores consideran o período de aparición dos 3 a 5 anos. Os Pastores Alemáns e Bouvier de Flandes parecen estar pre-



dispostos a esta clase de alerxia. A pulga responsable desta dermatite é, na maioría das ocasións, a pulga do gato: *Ctenocephalides Felis*. Os alérgenos implicados neste cadro atópanse principalmente na saliva da pulga, e son inoculados no paciente cando esta aliméntase. Os animais afectados poden ser tanto caninos como felinos, que habitualmente non foron expostos á picadura da pulga con regularidade.

En cans aparece unha dermatite con picor, con formación de costras e escamas na área dos cadrís e patas de atrás. No abdome adoitan existir lesión tipo pápulas (abultamentos típico das picaduras). O rascado causado pola comezón en casos severos pode orixinar calvas en axilas, inguas, pescozo e orellas. A seborrea (exceso de graxa) e pioderma (infección bacteriana da pel) secundaria son habituais. En gatos aparecen pápulas cos-

tradas na parte dorsal do corpo, estendéndose cara a pescozo e abdome, con alopecia secundaria e pelos rotos. Tamén se pode manifestar como alopecia simétrica ou como complexo granuloma eosinofílico (un granuloma é unha masa máis ou menos esférica de células inmunes que se forma cando o sistema inmunolóxico tenta illar substancias estrañas que foi incapaz de eliminar).

Agora grazas aos avances da ciencia temos moitos xeitos de combater as pulgas. As pastillas con base nos insecticidas da familia das isazolininas xa que as pipetas que se empregaron masivamente ata fai uns poucos anos, parece que en algún caso xa non son tan efectivas. O ideal é que en animais alérxicos e en épocas do ano de maior risco, o ideal é empregar máis de un método insecticida (pastilla, colares e pipetas) xunto con repelentes naturais.

“As feiras deixaron de ser a de Sarria e a da Pobra, avanzando ata Zaragoza e París”

Marcos Vázquez, responsable do Muvicla, Museo Vivo Integrado do Campo e a Locomoción Agraria

Marcos Vázquez é un apaixonado do mundo rural que, a través de traballo e ilusión, conseguiu crear Muvicla, un espazo museográfico do campo e da locomoción que xa se atopa na rede de centros museísticos de Galicia.

De onde nace a idea deste proxecto? Por cantas persoas está formado?

Un museo é difícil que parta dunha idea, normalmente parte dunha xestión de ideas ou cúmulo de situacións. Eu tiven o privilexio de ter sido un neno labrego, e un dos atractivos que adoitaban ter as cousas que faciamos era andar en tractor e, de feito, ir á feira nun tractor levando gando a vender, podo compararcho a visitar Disney Land París para un neno europeo de cidade. Ao ir medrando, no meu caso, e grazas a que na miña casa se fuxiu dos tópicos de dicir: “isto é o peor, estuda e márchate”, seguí cultivando a paixón polo rural e pola mecanización. Despois as feiras, deixaron de ser a de Sarria e a de a Pobra, avanzando ata Silleda (Semana Verde), Zaragoza (Fima) e París (Sima), eso si, xa sen ir en tractor, aínda que che confeso que me gustaría... Non quedou a cousa aí, cando con 17 anos descubrín que se podía facer unha enxeñaría que se chamaba Mecanización Agraria, levei unha alegría, e pensei que tivera sorte.

Pasado o tempo e así que puiden xerar algún diñeiro por min mesmo, e, en lugar de restaurar unha Ducati ou un Alfa Romeo, cuestionéime: se son de aldea como son, elixamos un tractor para restaurar... Ao facelo, ampliamos o repertorio de feiras, e entraron na axenda as de maquinaria agrícola antiga, vinculadas ao desenvolvemento



Marcos Vázquez durante unha das súas explicacións

mento rural; Segovia (Valverde del Majano) e Holanda (Panningem). Seguíuse medrando ata chegar un punto no que había xa moito ferro e madeira vellos, e pensamos que ou empezar a vender ou adicarse a aproveitar o tirón que ten aludir aos recordos para proxectar un mellor futuro. Museo adiante! Agora mesmo o Museo para o seu funcionamento diario está moi vinculado á familia, eu son o culpable de telos a todos implicados, pero temos varios órganos funcionando no entorno de Muvicla; unha asociación de amigos do museo (AAMUVICLA), un comité científico e un comité asesor, compostos estes órganos por persoas sen as cales non tería sido posible levar a cabo este proxecto. Estes tres órganos de participación no funcionamento englobábase na comisión permanente, que, coordinada pola dirección do centro vai tomando constantemente decisións consensuadas.

Como definiría Muvicla?

Un centro nacido con alma labrega, campesiña e que quere transmitir con paixón e positividade todos os valores que abrangue

a vida no campo; usa para elo o glamur das ferramentas e útiles do pasado, asociados a cada ronsel de cada peza exposta, xa sexa nas coleccións permanentes ou temporais. Un espazo de reflexión e promoción da importancia do mundo do campo. A efectos legais, cabe destacar que Muvicla,

“É un centro nacido con lama labrega, campesiña, e que quere transmitir con paixón e positividade todos os valores que abrangue a vida no campo”

é o primeiro espazo museográfico con recoñecemento oficial amparado pola nova Lei de Museos de Galicia, o primeiro centro de Galicia deste tipo e o primeiro de España en estar integrado nunha labranza e ofrecer o acendido e proba de máquinas en tempo real.

De que instalacións está formado e que novidades ofrece respecto a outros do mesmo sector?

Muvicla, significa: Museo vivo e integrado do campo e da locomoción agraria, polo que ten dous elementos diferenciais que o adiantan no tempo: vivo, porque todas as pezas funcionan e se poden probar in situ; e integrado, porque se desenvolve intrínseco á casa de labranza onde se ubica. As coleccións atópanse integradas na finca da casa, onde aínda está o establo principal do gando e as instalacións que prestan servizo á labranza. Como instalacións asociadas ás coleccións atópanse esencialmente 3, unha construída expresamente para museo, que é onde están os tractores e se atopa a colección titulada *Paseo pola historia en tractor*; outra, o antigo establo que foi o primeiro da parroquia, onde está a sala de conferencias, o espazo de exposición máis grande, o obradoiro de restauración e as miniaturas e, a derradeira, o antigo silo tipo trincheira, onde está a peza máis grande do museo, unha colleitadora autopropulsada.

Como viviu o Muvicla a pandemia?

Durante a pandemia e na actualidade viuse moi afectado o número de visitas, porque non puideron vir asociacións, colectivos ou colexios pero traballamos e fixemos cousas con moita ilusión, restauramos novas pezas, instalamos un sistema de calefacción ecolóxico, organizamos recentemente un foro sobre o glamur do rural (asociado a unha exposición temporal) e temos en mente moitos proxectos de futuro.



Obtén ou obtivo algunha axuda de algunha institución?

Vivimos con tristeza non poder obter axudas da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, a través do GDR Montes e Vales Orientais, algo que sinceramente non nos pareceu axustado á realidade das cousas, pero si recoñeceu a nosa singularidade a Deputación Provincial, tanto desde a área de Presidencia como do Medio Rural, que nos axudan coa sinatura de convenios para a realización de eventos de interese social e xeral. O Concello lanzará tamén a súa sempre boa disposición á hora de facilitar os trámites administrativos e atopar seguridade xurídica para o que se creou. Cabe destacar que as empresas provedoras de servizos colaboran sempre que se lles pide, e, nin que dicir ten, que tanto o comité científico como o comité asesor, son a alma do museo e do seu bo funcionamento.

Hai algún evento ou algunha actividade pensada, programada ou organizada para un futuro?

Na actualidade, acabamos de facer un foro sobre o glamur do rural, con importante repercusión mediática, e o primeiro deste tipo a todos os niveis, e segue aberta a exposición temporal sobre o glamur, tendo en exposición un Porsche coche e un Porsche tractor; esta, mudará en breve a expoñer un Aston Martin e un David Brown, fundador e creador de Aston Martin. Temos moitas ideas para ir desenvolvendo pouco a pouco, pero preferimos usar o factor sorpresa.



Distintos momentos do Museo



DEPUTACIÓN

Tomé presidirá a Xunta Reitora da UNED durante dous anos

O presidente da Deputación de Lugo, José Tomé Roca, presidirá a Xunta Reitora do centro asociado da UNED de Lugo os vindeiros dous anos.

Ademais de acordar o cambio da presidencia, que é un cargo rotatorio, tamén se lle deu o visto bo aos Orzamentos desta entidade educativa para o 2022, que ascenden a preto de 955.000€ para o centro de Lugo e as aulas de Monforte de Lemos, Viveiro e Foz.

Así mesmo, a Directora da UNED de Lugo, Ana Belén Traseira, deu conta das actividades que se celebraron ao longo deste pasado curso, no que notaron un aumento da matrícula. No caso dos estudos regrados chegouse ao teito histórico de 1.300 alumnos que se inscribiron nalgunha das opcións educativas no curso 2020-2021. Celebráronse 112 actividades de extensión universitaria nas que participaron máis de 5.000 alumnos e alumnas.

Os membros da Xunta Reitora tamén coñeceron a memoria de liquidación do pasado exercicio e avaliaron as iniciativas que se puxeron en marcha ou que continúan desenvolvéndose, como é o caso de Lugo cultura dixital ou UNED Lugo NaturalMente, que inciden en aspectos vencellados coa optimización de recursos e o coidado do medio ambiente e o impacto do cambio climático.

CONVENIO. O Presidente da Deputación e a directora da UNED de Lugo, Ana Belén Traseira, asinaron tamén un convenio de colaboración para continuar co proxecto Lugo Cultura Dixital, que ten como obxectivo a difusión da cultura da provincia, a promoción do asociacionismo, o impulso da inclusión e a alfabetización dixital, e a divulgación dos obxectivos de desenvolvemento sostible da Axenda 2030.

A Deputación urxe á Xunta a recuperar a sanidade galega

A Deputación de Lugo urxe á Xunta de Galicia a posta en marcha dun plan para recuperar a sanidade Galega. Logo de que a pandemia agravase as deficiencias do sistema sanitario autonómico, que se viñan denunciando no 2019, a institución provincial esixe que se traballe para volver á situación anterior á pandemia como un primeiro paso mínimo, segundo unha moción presentada polo PSdeG no Pleno que foi aprobada co apoio do BNG.

“A Xunta tenta aproveitar a necesidade de loitar contra a pandemia para agochar as deficiencias do sistema sanitario que se viñan denunciando no 2019. E que carece de ideas para volver á situación anterior á pandemia, que sería un primeiro paso mínimo”, denunciou a voceira provincial socialista, Pilar García Porto. “Seguen enriba da mesa os problemas de Atención Primaria; a perda de especialidades e peches de consultorios no rural; a tempo-

ralidade do persoal, sobre todo dos ATS; o colapso das Urgencias ou a incapacidade para atraer profesionais de especialidades como pediatría”, asegurou Porto.

García Porto denunciou que as listas de espera en Atención Primaria chegaron ata os 15 días por motivo da pandemia; que a espera media para operarse na área sanitaria de Lugo é de máis de 79 días, a que máis demora acumula de Galicia xunto con Ferrol; ou que para as probas diagnósticas relacionadas coa otorrinolaringoloxía hai que esperar unha media de case un ano -315 días- cando no 2019 estaba en 90. A voceira tamén apuntou que na etapa de Feijóo na Xunta perdéronse preto de 1.100 postos de persoal sanitario só en Atención Primaria, e que xunto coas xubilacións previstas no 2024 -outros 1.500 profesionais- “é preciso facer un esforzo de contratación”. Sinalou Porto os problemas de atención pediátrica que sofren os con-

cellos da provincia, como Abadín, Alfoz, Baralla, Becerreá, Castro de Rei, Castroverde, Corgo, Chantada, Foz, Mondoñedo, Outeiro de Rei, Ribadeo ou O Valadouro; ou que as reducións de persoal son a norma en moitos municipios do rural.

Por outra banda, a Deputación de Lugo tamén lle reclama á Xunta que cumpra coa súa obriga de conservar o patrimonio cultural de Lugo.

A voceira do grupo socialista lamentou que o investimento da Consellería de Cultura e Educación previsto para o 2021 en Lugo é de 700.000€ para restaurar a igrexa de San Pedro e outros 500.000€ para o claustro da Catedral. En total, 1,2M€ que representan o 0,01% dos 11.563M€ “dos orzamentos récord da Xunta”. García Porto denunciou que no 2018 só se destinaron 10,2M€ ao gasto en Protección e Xestión do Patrimonio Cultural e Artístico na nosa comunidade autónoma, “unha cifra que nos sitúa no furgón de cola”.

Volven convocar os premios á hostalaría e o turismo

A Xunta de Goberno aprobou as bases e a convocatoria da segunda edición dos premios Lugo Cambia ao turismo lucense e ...E para comer, Lugo á gastronomía lucense, tal e como anunciou a voceira provincial socialista e deputada de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, Pilar García Porto.

“Estes premios son unha medida máis que impulsamos dende a Deputación para apoiar, poñer en valor e visibilizar o traballo e a calidade dos sectores turístico e hostaleiro da nosa provincia, algo especialmente importante nestes momentos porque estes establecementos foron os que sufriron especialmente o impacto das restricións sanitarias pola pandemia”, subliñou a Deputada.

García Porto destacou que “a diferenza do ano pasado e, por petición do propio Consello Provincial de Turismo, nesta edición poden presentarse as candidaturas a título individual ou por unha terceira persoa co consentimento expreso do candidato ou candidata”. A candidatura pode ser presentada por persoas físicas ou xurídicas, institucións e entidades públicas ou privadas, asociacións e colectivos sen ánimo de lucro que teñan repercusión positiva no turismo e na gastronomía.



Presentación das actividades fluviais

A Deputación lanza unha nova edición das Actividades Fluviais

O presidente da Deputación de Lugo, José Tomé Roca, presentou o programa de Actividades Fluviais que a institución provincial porá en marcha este verán en 10 concellos. As Actividades Fluviais son totalmente gratuítas e están dirixidas a un público familiar, podendo anotarse maiores de 6 anos de idade no propio lugar da actividade. Haberá actividades acuáticas, como kaiak, paddle surf, inchables, e outros xogos nas contornas fluviais. O presidente explicou que o programa desenvolverase durante o mes de xullo nos municipios de Ribeira de Piquín, Trabada, Alfoz, Vilalba, Begonte, Navia de Suarna, Láncara, Ribas de Sil, Monterroso e Guitiriz.

“Con esta iniciativa, dende a Deputación de Lugo ofrecemos unha alternativa de ocio ao aire libre moi atractiva para o verán, que contribúe a dinamizar a vida social e a vida económica dos concellos”, detallou o mandatario provincial. O programa, engadiu, tamén será importante para contribuír á recuperación do sector turístico, hostaleiro e do comercio local fronte ao impacto das restricións provocadas pola pandemia, porque todos sabemos que onde hai actividades de lecer, hai consumo, sobre todo no sector servizos. A xente ten ganas de saír, de recuperar a súa vida normal, e dende a prudencia, temos que dar pasos nesa recuperación”.



Presentación do programa Coñece a túa provincia

Abre o prazo do programa Coñece a túa provincia

Xa está en marcha do programa Coñece a túa provincia coa apertura do prazo para que asociacións e entidades sen ánimo de lucro poidan anotarse e reservar praza nestas viaxes gratuítas que organiza a institución en pequenos grupos e dunha xornada de duración por todo o territorio lucense seguindo diversas rutas. O período de solicitude das 1.242 prazas dispoñibles nesta primeira tempada estará aberto a partir de hoxe xoves e ata o vindeiro 30 de xullo. Para inscribirse, as asociacións deberán presentar a correspondente solicitude a través da Sede Electrónica da Deputación ou ben no Rexistro Xeral da institución. Toda a información para realizar a solicitude, así

como as características e as condicións para participar nesta iniciativa pode consultarse no Boletín Oficial da Provincia (BOP) de hoxe, 30 de xuño, e na páxina web da Deputación de Lugo, a través da Área de Turismo.

As viaxes desenvolveranse entre a segunda quincena de setembro e o mes de novembro, en días laborables. En todo caso, o Servizo de Turismo da Deputación determinará os días concretos nos que finalmente se realizarán as excursións.

As asociacións poden elixir entre un total de 37 itinerarios polo patrimonio natural, histórico, cultural e gastronómico de toda a provincia de Lugo.

DEPORTES

O CB Sarria reanuda este verán os adestramentos lúdicos

O Club Baloncesto Sarria organiza adestramentos lúdicos e educativos para as distintas categorías da base do clube, así como para todos aqueles nenos e nenas que queiran probar o deporte e que aínda non formen parte do equipo.

Os grupos formáronse con nenos e nenas nados entre o 2003 e o 2016 -ambos inclusive-. Así pois, os adestramentos realizaranse tres días por semana durante un mes -dende o 5 de xullo ata o 5 de agosto-. Os días nos que se levarán a cabo os adestramentos serán os luns, os martes e os xoves en horario de mañá.

O prazo de inscrición aínda que oficialmente xa rematou, intentarase manter aberto na medida das posibilidades.

Así mesmo, dende o CB Sarria informan que se cobrará unha cota de 18 euros por cada neno e nena e será obrigatorio o rexistro a través dunha aplicación.



Rapaces do CB Sarria, nun destes adestramentos

Por outro lado, dende o sábado 17 ao domingo 25 de xullo celébrase o Campus Baloncesto no Camiño, polo que se suspenderán os adestramentos programados. Ademais, se algún dos nenos ou nenas inscritos se vai de vacacións, poderá asistir aos adestramentos as se-

manas que permaneza na vila de Sarria.

Para calquera dúbida ou para máis información pódese consultar no enderezo electrónico cbsarria@cbsarria.com ou nos teléfonos 650191777 (Adrián) e 670732297 (Xabi).

O Incio CF remata os adestramentos cos escolares do CEIP Ricardo Gasset

O Incio CF celebrou no día de onte a última sesión da tempada cos nenos e nenas do colexio Ricardo Gasset do Incio. Rematan desta forma, unhas xornadas de aprendizaxe e de diversión nas que se busca promover o deporte, así coma hábitos saudables.

Ademais, desta maneira, os máis pequenos e pequenas comezan a coñecer e a identificarse con equipos dos seus propios municipios.

Así mesmo, nesta última sesión, os



escolares agasallaron aos monitores cun detalle de despedida. Dende o Incio CF agradecen o trato recibido e esperan voltar en vindeiros

cursos para seguir aportando o seu grao de area e transmitir os valores do deporte dunha forma lúdica e amena.

A billarda xa é deporte federado

A billarda vén de ser reconecida como deporte, este xogo tradicional deu un paso máis e agora xa exerce como modalidade deportiva federada. Xunto coa chave é parte da recentemente constituída Federación de deportes autóctonos e xógase aplicando o protocolo de seguridade Fisicovid. Máscaras obrigatorias, distancia de seguridade, non compartir material nin comida e hixiene hidroalcolica.

Das tres conferencias que xogan ligas regulares, dúas delas retomaron a competición donde, por mor

da pandemia, tiñana aparçada. A conferencia NorLeste de momento sigue agardando dar comezo.

O domingo 13 de xuño, tivo lugar a sétima xornada da Liga Atlántica de Billarda, Conferencia NorOeste a carón do Xardín Botánico.

Dende A Mariña desplazáronse representantes dos equipos de Troitas Bravas de A Pontenova e de Billardeiros Musicais de Ribadeo para disfrutar xunto cos compañeiros da NorOeste e de Rías Baixas dun espectacular encontro billardeiro.



A Deputación patrocina La Vuelta ao seu paso pola provincia de Lugo



Unha imaxe dos ciclistas participantes nun tramo da competición

O presidente da Deputación de Lugo, José Tomé Roca, acompañado do director de La Vuelta, Javier Guillén, mantivo este xoves pasado un encontro organizado pola institución provincial cos alcaldes e representantes municipais dos 12 concellos lusenses polos que discorrerá o día 3 de setembro a etapa 19ª da cita deportiva co obxectivo de informalos da colaboración económica por importe de 60.000€ que fai a entidade e do impacto en termos económicos e de promoción que terá para a provincia.

O presidente subliñou que o obxectivo que motivou á Deputación para colaborar coa organización de La Vuelta para o seu paso pola provincia foi colaborar cos concellos da provincia "para sacar adiante todo tipo de iniciativas que favorezan o seu progreso social e económico", neste caso, coa promoción do territorio a través do turismo.

La Vuelta Ciclista a España é seguida anualmente en 190

países, que chegan a unha audiencia real de 400 millóns de espectadores. A meirande parte dos seguidores están localizados en países de centroeuropa como Francia, Bélxica, Italia ou Noruega, entre outros, pero tamén están presentes en todo o arco americano, cunha grande audiencia en Colombia, e en Asia, con presenza en países como Xapón.

A etapa de La Vuelta que recorre a provincia ten un percorrido de 187,8 quilómetros, 139 deles na provincia de Lugo, e está considerada de media montaña. Está previsto que sexa unha xornada chave ao ser unha das últimas etapas e tratarse dunha zona con grandes subidas e baixadas que permitirán crear claras oportunidades de fuga entre algúns ciclistas, a altura máxima que alcanzarán nesta xornada os ciclistas será de 927 metros. Dous días despois desta cita, o 5 de setembro, chega o final da competición en Santiago de Compostela cunha contra reloxo individual.



XIRANDELA. O club de ximnasia rítmica Xirandela, de Sarria, acadou dous ouro, un en sénior e outro en cadete no campionato Galego escolar. Tamén destacaron os conxuntos benxamín, cun sexto posto, e o infantil A, que quedou no número 11.

“Hai que agradecerlle á vila toda a colaboración aínda que non puido ser”

Manuel Sangil é o presidente da Sarriana, equipo que loitou para o ascenso a Terceira



A Sarriana gañou no último partido da fase de ascenso ao xa ascendido Noia (2-1) con goles de Diego Rey no minuto 47 e Diego Núñez ao pouco de rematar o encontro. A pesar da vitoria do equipo sarriano, a diferenza de goles foi a causante de que, finalmente, ascendera o Sofán á Terceira xunto co ascendido a pasada xornada, o Noia.

Con estes dous ascensos remata unha tempada atípica na que se puido disfrutar novamente do fútbol con seguridade.

A Sarriana quedou polo tanto a un gol do ansiado ascensode categoría. Agora, o presidente Manuel Sangil, valora en frío unha tempada para recordar.

Como valorara esta tempada despois de quedar a un gol de ascender a Terceira división?

Hai que resaltar que foi unha tempada atípica na que se notou a brevidade da competición e o feito de que non houbera marxe de erro. A nosa aspiración este ano era loitar polo ascenso, algo que non conseguimos por un gol. Sen embargo, era algo previsible dentro do que podía pasar xa que en catro partidos calquera pode quedarse polos pelos de ascender como nos pasou a nós. Pero bueno, nun balance xeral da tempada, eu véxoa boa.

Considera entón que conseguiron cumprir os obxectivos que se marcaron a principio de tempada?

A nosa aspiración nesta tempada foi dende un primeiro momento ascender, algo que non puidemos lograr. A pesar diso, hai que resaltar que foi o mellor posto no que quedou a Sarriana na clasificación da liga Preferente. Nunca na historia quedara nun terceiro posto nesta liga. Agora hai que valorar o que hai e os resultados en frío; claro que foi un chasco quedar a só un gol do ascenso, sen embargo, é indudable que foi unha tempada boa.

Outro aspecto a destacar é o ano do equipo xuvenil da Sarriana, que logrou chegar á final do play off de ascenso á liga galega contra o Ribadeo co que caeu derrotado. Tanto este coma o do equipo sénior foron dous feitos históricos, porque os xuvenís só ascenderan unha vez dende que se creou o equipo. Por iso, o que é a tempada a nivel de resultados foi moi boa.

Considera que a Sarriana merecía máis nesta tempada?

Cando se chega a un play off con seis equipos, os seis son grandes e non van a pór as cousas sinxelas. Nós na primeira fase enfrontámonos a equipos da provincia de Lugo e, por entidade, por xogadores e por presuposto, estaba claro que o noso equipo tiña que estar na segunda fase. Sen embargo, nesta etapa todos os equipos eramos moi similares en moitos aspectos e aspirabamos ao mesmo co gran problema de que só había dúas prazas. Nós quedamos ás portas e agora hai que pensar en intentalo de novo para o ano que vén a ver se podemos ascender. Foi unha oportunidade histórica porque eu creo que a Sarriana nunca estivo tan cerca de ascender a Terceira división como nesta ocasión.

Que destacaría da tempada?

Cabe destacar o grupo que se formou este ano. Tan só quedara unha plantilla duns oito ou nove xogadores do ano pasado; o resto de xogadores viñeron novos e acopláronse moi ben a Sarria. Viñeron polo novo proxecto que se programara; novo adestrador, novos xogadores... Hai que destacar a súa adaptación a Sarria e ao club. Outro aspecto que quero resaltar é a involucración que tivo a vila de Sarria coa Sarriana. Estivo o campo cheo todos os días que xogamos no estadio municipal da Ribela na fase de ascenso e é algo que hai que agradecer. De feito, no último partido, que foi en Noia, asistiron 130 aficionados de Sarria que se desplazaron ata alí. Eu penso que foi un feito histórico para Sarria por como se involucrou o pobo co equipo. Foi todo un récord a nivel de socios e tamén en canto ás empresas que, a pesares de ser unha tempada reducida e atípica, continuaron colaborando da mesma maneira que outros anos. Eu vexo que foi un éxito en todos os niveis, por iso hai que agradecerlle á vila de Sarria toda a colaboración no que, ao final, non puido ser.

Entón, non notou o club falta de público a causa da situación?

Para nada. Sí que é certo que nos primeiros partidos, que foron no mes de marzo, a xente viña con máis medo, pero a medida que iba pasando o tempo e que os aficionados e aficionadas se comezaron a adaptar e a acoplar ás medidas de seguridade que se adoptaron no campo, foi moi sinxelo e houbo unha gran resposta. Nos partidos



de promoción, de feito, tivemos que pór gradas supletorias para aumentar o aforo. Eu non acordo ver o campo da Sarriana con tanta xente coma nestes partidos de promoción.

Considera que houbo algún aspecto negativo?

Considero que nesta tempada non houbo aspectos negativos. Quizá o único negativo que vexo foi quedarse a un gol do ascenso porque é algo que imos recordar toda a vida, como cando o Deportivo perdera a Liga por fallar un penalti no último minuto. Ambos ímonos acordar disto toda a vida. Cando te quedas tan preto de algo, quedas frustrado e recórdalo sempre. Quitando iso, non considero que haxa aspectos negativos nesta tempada.

Como levou a Sarriana a pandemia?

Foi complicado. Ao fin e ao cabo, un día decíanche unha cousa, outro día decíanche outra... Cada vez era algo diferente. Ademais, non había unha data concreta de inicio e os xogadores non sabían cando se ía poder comezar a competición; ao primeiro era no mes de setembro, despois en decembro e, finalmente, tivemos que comezar en marzo.

Estase a traballar na seguinte tempada?

Non, de momento non. Polo de agora, imos ter unha asemblea o venres que vén para falar cos socios. Eu, no que respecta a primeiros do ano que vén, cumplo os catro anos de mandato como presidente do club e quería ver si houbera a oportunidade de que algún socio dera o paso de coller o club, pero de momento... Eu, na anterior asemblea, xa lles co-



Distintos equipos da Sarriana, os sénior arriba

mentara aos socios a miña idea de que sería o meu último ano se non había ascenso. O problema é que a tempada acabou a finais do mes de xuño e non hai marxe de manobra para poder realizar nada nestos momentos. Agora faremos unha asemblea de socios e expoñeremos a nosa idea para ver o que din eles. Eu, a verdade, levei

unha desilusión enorme o pasado domingo cando non ascendemos a causa dun gol pero, actualmente, non podo deixar o club porque sería abocalo á desaparición. Non hai marxe de manobra. Por iso, no prazo dun ano e dependendo de como surxen as cousas, quero convocar eleccións para a seguinte tempada.

Marcos Gómez logra o primeiro posto no III Puntuable Nacional de Pitch & Putt 2021

O Club de Golf El Pilar de Sarria acolleu a pasada fin de semana o Ranking Nacional de Pitch & Putt 2021, onde Marcos Gómez conseguiu o primeiro posto por diante de José María Ortiz de Pinedo e de Juan Soler. Tratábase, pois, da terceira das catro citas puntuables á marxe dos Campeonatos de España onde se reuniron 46 golfistas que buscaron alcanzar o título do xogo.

A proba componse por tres rondas de 18 foxos e, as dúas primeiras xogáronse o sábado mentras que a terceira celebrouse na mañá do domingo. Así pois, o gañador, Marcos Gómez, comezou a última volta a sete golpes do líder, Juan Soler, que non conseguiu lograr a vitoria despois de 56 golpes.

No medio de ambos xogadores apareceu José María Ortiz, quen rematou a tan só un golpe do gañador a pesar de facer todo o que estaba na súa man para lograr este campionato. Sen embargo, os acertados 46 golpes de Gómez fronte aos 51 de Ortiz, lograron que este primeiro alcanzara o ansiado primeiro posto.

Así pois, na primeira xornada Ortiz foi o que se situou líder e a un só golpe atopábase Juan Fernández e Marcos Gómez. Sen embargo, ese primeiro lugar non durou moito xa que despois de disputar a segunda xornada no Club de Golf El Pilar de Sarria, Juan Soler conseguiu adiantarse e quedar como novo líder á espera da última xornada disputada na mañá do domingo. Foi nela cando o xogador Marcos Gómez, situado a sete golpes do

primeiro posto, logrou a fazaña e gañou o III Puntuable Nacional de Pitch & Putt 2021.

RÁNKING NACIONAL. Os puntuables nacionais son catro. O primeiro deles, o que se xogou en marzo nas Palmeras (As Palmas) con vitoria de César Fernández de Caleyá; o segundo, o disputado nas Encinas de Boadilla (Madrid) con Jorge Jimeno como vencedor; e o terceiro, éste que se disputou en terras galegas. Restará por celebrarse, por tanto, a cita de Masía das Estrelas (Valencia) os días 2 e 3 de outubro.

RESULTADOS FINAIS. Os resultados finais da proba polo tanto foron Marcos Gómez como vencedor con 149 golpes (49, 54, 46), José María Ortiz de Pinedo con 150 golpes (48, 51, 51) e Juan Soler con 151 (51, 45, 56).

CATEGORÍA NACIONAL. Esta é a primeira vez que se leva a cabo neste campo de golf unha competición de categoría nacional, algo que consegue no ano en que cumpre 15 anos dende a súa inauguración.

Os participantes deberon presentar o test covid negativo requerido, así coma a declaración responsable e o formulario de localización do persoal, cumprimentado en todos os apartados e firmado.

O número de participantes foi de 54 xogadores, inscritos correctamente.



Arriba, dúas imaxes do campo de golf e, abaixo, instantáneas do torneo da última fin de semana

9 foxos nun campo natural

El Pilar de Sarria é un campo de golf accesible, que se atopa a menos de 2 quilómetros do centro urbano da vila de Sarria, ademais de estar enmarcado nunha contorna natural incomparable.

O percorrido ten de 9 foxos e Par 3 homologados pola Real Fed-

eración Española de Golf. Está rodeado de castiñeiros e carballos centenarios, que ao formar parte do xogo, converten o campo nunha experiencia única e inigualable.

As competicións estiveron paradas e retómanse agora neste cen-

tro deportivo.

Contan con cafetería, alugueiro de paus e carros manuais, cancha de prácticas, actividades deportivas para nenos e tenda especializada, seguindo a dinámica de todos os clubs onde se compete en categorías destacadas.

TELÉFONOS DE INTERESE

LÁNCARA

Concello: 982 54 30 77
Garda Civil: 982 54 31 47
Centro de Saúde (cita previa): 982 54 30 39

PARADELA

Concello: 982 54 11 01
Garda Civil: 982 53 04 74
Centro de Saúde (cita previa): 982 54 11 97

SARRIA

Concello: 982 53 50 00
Policía Local: 982 53 08 50
Garda Civil: 982 53 04 74
Centro de Saúde (cita previa): 982 53 21 11
982 53 21 12 / 982 53 21 13

SAMOS

Concello: 982 54 60 02
Garda Civil: 982 54 60 08
Centro de Saúde (cita previa): 982 54 70 02

O INICIO

Concello: 982 42 70 14
Garda Civil: 982 42 00 46
Centro de Saúde (cita previa): 982 42 70 77

TELÉFONOS DE INTERESE



Emerxencias: 112
Urxencias Sanitarias: 061

Incendios Forestais: 085
Garda Civil: 062



TRICASTELA

Concello: 982 54 81 47
Garda Civil: 982 54 60 08
Centro de Saúde (cita previa): 982 54 80 18



Para calquera suxestión, información ou comentario non dubide en poñerse en contacto con nós.

Edición: PORTAS COMUNICACIÓN S.L.
Dirección: Diego E. García Puente
Teléfono: 661 464 323
E-mail: redaccion@sarriaxa.com
Impresión: Tameiga Publicacións S.L.
Dep. Legal: LU 57-2021

DESCUBRINDO O PATRIMONIO

A torre da Fortaleza, un recuncho de historia



O estado actual da Torre e unha imaxe antiga do mesmo elemento

Sarria é un lugar con moita sona polo que pasa o Camiño de Santiago e, por tanto, é un espazo que alberga recunchos de obrigada parada. A Fortaleza de Sarria é un deles, que se atopa na parte máis alta da vila de Sarria e ten orixe no século XII, cando Gutierre Ruiz de Castro e Elvira Osorio eran os señores de Lemos e de Sarria. Así mesmo, nesa época a familia Castro gozaba de respecto e poder en toda Galicia, algo que rematou cando Joaquín López de Zúñiga falece sin descendencia e, con el, a casa de Castro.

Contruíuse sobre unha loma, de onde se divisaba unha boa parte da comarca de Sarria e o seu

labor era vixilante sobre o Camiño de Santiago. Os estudosos afirman que contaba con cinco torres.

A torre alcanza unha altura de 15 metros e, no interior, contén unha bóveda de directriz levemente apuntada que diminúe a súa altura

A Fortaleza derrubárona durante a revolta Irmandiña, no século XV e, pouco tempo despois, vol-

veuse reconstruír -en parte polos Reis Católicos quenos arbitraron fondos da Santa Irmandade-.

En 1843, polo súa beira, derrubouse a torre do Mercado e en 1860 a propiedade da Fortaleza pasou a ser de Manuel Pérez Batallón -quen tiña unha horta contigua a súa casa de Cimadevila- e do Concello de Sarria -para ampliar o campo da feira-. Así mesmo, nese ano tamén se tirou a torre da Homenaxe xunto coa outra torre de flanco, quedando tan só a torre que hai actualmente en pé.

Desta maneira, o paso do tempo e o escaso poder da forzaleza fixo que quedara abandonada e en ruínas ata o día de hoxe onde tan só se conserva a torre da Fortale-

za. Por outra beira, hai que lembrar que a edificación militar que existía denominábase A Fortaleza e é por esa razón pola que a to-

En 1840 a propiedade da Fortaleza pasou a ser de Manuel Pérez Batallón e do Concello, o mesmo ano no que se tirou a torre da Homenaxe

rre ten esa denominación; sendo errónea a popular expresión torre do Batallón que non está do-

cumentada en ningún momento. Xa no século XIX fosos desapareceron cando foron cubertos.

Así mesmo, dita torre alcanza unha altura de 15 metros e, no interior, contén unha bóveda de directriz levemente apuntada que diminúe a súa altura. Á cima pódese chegar a través dunha escaleira aberta en parte dun lenzo de muralla e, ademais, consérvanse escudos con armas dos Castro, Enríquez e Osorio. Sen embargo, non se pode acceder ao que queda desta fortaleza xa que é propiedade privada da familia Pérez Batallón.

A Fortaleza está baixo a protección da Declaración xenérica da Ley sobre Patrimonio Histórico.



Detalle da construción e unha vista xeral do monumento

